

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 5 de xuño de 2026

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e dous minutos do día 5 de xuño do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime*, *Luisa Sánchez Méndez*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *Juan Pablo Castillo Amigo*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *María Beatriz del Cerro del Río*, Secretaria Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Non asiste o deputado *Jorge Cubela López*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37214.- Acta Anterior

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 29 de maio de 2026.

2.37215.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DE MATERIAL E EVENTOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CORRESPONDENTES AO ANO 2026. (Expte. 2026018297)

I. ANTECEDENTES

O turismo constitúe unha das actividades con maior potencial para a creación de emprego e o crecemento económico no ámbito da Unión Europea (UE). Así mesmo, a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, sinala que a dimensión social do turismo non se fundamenta unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén no seu potencial para crear e distribuír riqueza, aproveitando as senllas derivadas da colaboración entre os distintos axentes públicos e privados.



A devandita lei destaca a importancia de acadar e manter un sector turístico competitivo, de calidade e accesible, así como a relevancia da implantación de medidas de promoción e fomento mediante a posta en valor dos recursos singulares de Galicia, como instrumento para a desestacionalización da demanda turística. Así mesmo, de acordo co disposto nesta lei, correspóndelles ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias recoñecidas pola lexislación de réxime local, o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en todas aquelas actuacións que contribúan a mellorar a súa competitividade turística.

Neste contexto, o material promocional físico constitúe unha ferramenta esencial de comunicación coas e cos visitantes: unha interacción tanxible co destino, que pode converterse nun recordo duradeiro e nun elemento de reforzo da identidade visual do territorio. Esta liña de subvencións ten como finalidade incrementar a visibilidade do destino co fin de atraer visitantes e diversificar a oferta turística.

Por outra banda, os eventos promocionais nun territorio permiten xerar experiencias e despertar interese entre visitantes e cidadanía en xeral para coñecer o destino turístico, á vez que reforza a marca. Ambas son ferramentas estratéxicas de promoción turística con retorno económico e social, que contribúen á desestacionalización, fomentan a sostibilidade e accesibilidade e permiten medir de forma obxectiva o seu impacto, reforzando unha estratexia de comunicación integrada e de posicionamento da marca Rías Baixas como destino de calidade, sostible e accesible.

A finalidade destas axudas é colaborar cos Concellos da provincia de Pontevedra no fomento do turismo provincial durante o ano 2026, impulsando a calidade, a coherencia da imaxe de marca e a visibilidade da oferta turística. Esta liña de subvencións responde a un interese xeral que pode favorecer o incremento de visitantes, xerar un impacto económico local, contribuír á desestacionalización turística, potenciar a cultura e o patrimonio reforzando a nosa identidade, ademais de impulsar a participación entre entidades.

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos sendo compatibles con outras subvencións.

Por este motivo, con data 24 de abril de 2026, o deputado delegado do Servizo de Turismo acorda, establecer as bases e a convocatoria que regulen os criterios de concesión destas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de material e eventos de promoción turística durante o ano 2026, solicitando ao Servizo de Turismo a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.



O 24 de abril de 2026 emítase informe sobre a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións (CSV: SMC8ITX9JB6T3LIV).

O 27 de abril de 2026 emítase informe xurídico sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: DO02C8F59B0OACD9).

O 27 de abril de 2026 emítase unha memoria sobre as bases reguladoras das subvencións (CSV: VTTQW61F5SR6QT8L).

O 22 de maio de 2026 Intervención emite informe favorable con observacións (CSV: ZB8AXZH4QH24NY49) e certifica a existencia de crédito por importe de 75.000,00 € na aplicación 26/433.4320.462.00, a cuxo efecto expide documento de retención de crédito núm. 12026000086445.

O 28 de maio de 2026 emítase unha nova memoria sobre as bases reguladoras das subvencións, de acordo cunhas modificacións nas bases relativas as entidades beneficiarias da subvención (CSV: AZZX9FBUOTU3PZDY).

O 1 de xuño de 2026 emítase un informe complementario aclaratorio das modificacións levadas a cabo nas bases (CSV: 5C4MAVSDN6MUT7Q5).

O 1 de xuño Intervención emite dilixencia respecto a modificación das bases e do seu informe (CSV: AE0ES7NQH6TC6DD).

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

I. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 7/2011 do 27 de outubro de Turismo de Galicia.



2. CONSIDERACIÓN XURÍDICAS E TÉCNICAS

Conta no expediente informe do Servizo de Turismo no que se indica a necesidade de aprobar as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de material e eventos de promoción turística durante o ano 2026, así como informe xurídico e de Intervención no que se sinala que as bases son correctas xuridicamente e que existe crédito suficiente, por importe de 75.000,00 € na aplicación 26/433.4320.462.00.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iníciase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de material e eventos de promoción turística durante o ano 2026, que figuran no expediente co código seguro de verificación (CSV): DKF1Z5GBX0A2MFW1.

Ditas bases son do seguinte teor literal:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DE MATERIAL E EVENTOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CORRESPONDENTES AO ANO 2026

O turismo é unha das actividades con maior capacidade de creación de emprego e de xeración de riqueza na Unión Europea (UE). O Tratado de Lisboa reconece expresamente a importancia estratéxica deste sector e incorpora disposicións específicas orientadas a promover a súa competitividade e a consolidar a UE como o primeiro destino turístico mundial.



Na Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, sublíñase que a dimensión social do turismo non reside unicamente na súa capacidade para crear emprego, senón tamén na súa potencialidade para xerar e distribuír riqueza de maneira equilibrada, aproveitando as sinerxías entre os diferentes axentes públicos e privados que interveñen no sector.

De acordo co disposto nesta lei, correspóndelles ás entidades locais supramunicipais, sen prexuízo das competencias recoñecidas pola lexislación de réxime local, o asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en todas aquelas actuacións que contribúan a mellorar a súa competitividade turística.

A Deputación de Pontevedra, conforme a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a súa normativa de desenvolvemento, ten entre as súas competencias propias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, e dentro das áreas de actuación prioritarias no marco das políticas públicas de promoción e cooperación local está o turismo.

Este tamén se considera unha experiencia sensorial e emocional, polo que o material promocional físico constitúe unha ferramenta esencial de comunicación coas e cos visitantes: unha interacción tanxible co destino, que pode converterse nun recordo duradeiro e nun elemento de reforzo da identidade visual do territorio.

Esta liña de subvencións responde a un interese xeral que pode favorecer o incremento de visitantes, xerar un impacto económico local, contribuír á desestacionalización turística, potenciar a cultura e o patrimonio e reforzar a nosa identidade, ademais de impulsar a participación entre entidades.

Os materiais promocionais físicos e en liña non compiten entre si, senón que se complementan. A súa forza reside en ofrecer unha experiencia concreta, visual e coherente coa marca do destino turístico, reforzando unha estratexia de comunicación integrada e de posicionamento da marca Rías Baixas como destino de calidade, sostible e accesible.

Os eventos promocionais nun territorio permiten xerar experiencias e espertar interese entre visitantes e cidadanía en xeral para coñecer o destino turístico, á vez que reforza a marca. Ambas son ferramentas estratéxicas de promoción turística con retorno económico e social, que contribúen á desestacionalización, fomentan a sostibilidade e accesibilidade e permiten medir de forma obxectiva o seu impacto. Por este motivo, establécense dúas liñas de axuda para garantir accións de visibilidade do destino.



BASES REGULADORAS

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases regular a concesión de subvencións públicas destinadas a axudar ao financiamento para a promoción turística de territorio incluído no destino Rías Baixas, definido en dúas liñas:

- *Liña 1: material promocional*

O deseño, a maquetaxe e a produción de material promocional turístico físico (como guías ou mapas) ou en liña (formatos promocionais como vídeos, bñners ou imaxes en redes sociais, campañas ou web) elaborado polos concellos da provincia de Pontevedra, co fin de reforzar a imaxe e a promoción do municipio e do destino turístico Rías Baixas.

- *Liña 2: eventos de promoción turística*

Organización e produción de eventos para a promoción turística, co obxectivo de xerar experiencias directas, atraer visitantes e poñer en valor recursos turísticos culturais, naturais, gastronómicos etc. do territorio.

A finalidade desta convocatoria con cargo ao exercicio orzamentario de 2026 é colaborar cos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra no fomento do turismo, impulsando a calidade, a coherencia da imaxe de marca e a visibilidade da oferta turística, de acordo cos principios de concorrencia competitiva, obxectividade e publicidade.

2. ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS

A Deputación de Pontevedra concederá subvencións destinadas a financiar os gastos asociados ás seguintes liñas que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026:

2.1. *Liña 1: material promocional. Custos de carácter instrumental asociado a elementos que poden ter uso continuado e perdurable no tempo pero sen carácter indefinido, entre os que se inclúen:*

- Material físico: custos asociados á redacción, edición, deseño, maquetaxe, produción, impresión e subministración do devandito material, sempre que se axusten aos criterios de calidade e identidade visual establecidos polo Servizo de Turismo Rías Baixas. Inclúense custos para adaptacións en materia de accesibilidade tales como o uso do braille, mapas tiflolóxicos etc.*
- Material en liña: custos asociados á guionización, redacción de contidos, realización, montaxe, edición ou adaptación de formatos dixitais co obxectivo de atraer e darlle visibilidade ao destino turístico.*



Inclúense a adaptación e subtitulación para cumprir coa accesibilidade.

O material deberá contribuír á promoción do destino Rías Baixas e á mellora da súa imaxe turística co fin de atraer turistas potenciais, respectando os principios de sostibilidade, accesibilidade e coherencia coa marca institucional da provincia.

Non serán subvencionables, en ningún caso:

- a) Custos correspondentes á distribución do material promocional nin envíos masivos.*
- b) Publicacións de carácter non turístico, como libros de historia, xeografía, programas de festas ou de eventos deportivos, así como calquera outro material físico ou en liña que non teña unha finalidade especificamente turística.*
- c) Publicación dos formatos dixitais mediante campañas de publicidade pagada, gastos de mantemento web, dominio, aloxamento, licenzas anuais ou xestión ordinaria de redes sociais.*
- d) Obxectos de merchandising, obxectos promocionais ou material de agasallo de natureza comercial.*
- e) Materiais que inclúan a promoción de establecementos concretos do sector privado ou incorporen patrocinios.*
- f) Materiais con erros ortográficos, información desactualizada ou imaxes de baixa calidade.*
- g) Materiais con logotipos desactualizados ou que non respecten as directrices de identidade gráfica.*

2.2. Liña 2: eventos de promoción turística. Custos asociados a actuacións promocionais de carácter puntual e experiencial.

Serán obxecto de subvención exclusivamente aqueles eventos que teñan unha finalidade principal e directa relacionada coa promoción turística do territorio ou destino, que inclúa un plan mínimo de difusión e comunicación acreditable co fin de atraer visitantes, mellorar a notoriedade do destino ou poñer en valor recursos turísticos.

Serán subvencionables os custos directamente vinculados á organización e produción do evento, como:

- Alugueiro de infraestruturas necesarias para o evento: carpas, escenarios, cadeiras etc.*
- Alugueiro de son, iluminación, pantallas, medios audiovisuais etc.*
- Servizos técnicos de produción e coordinación do evento.*
- Publicidade e difusión do evento que sexa debidamente acreditada.*
- Seguros obrigatorios vinculados ao evento.*
- Servizos de accesibilidade: interpretación en lingua de signos, subtulado, bucle magnético etc.*
- Medidas sostibles: sinalización de reciclaxe, eliminación de residuos...*



Non serán subvencionables, en ningún caso:

- a) Gastos protocolarios: comidas, catering ou atencións de cortesía da organización do evento.*
- b) Cachés artísticos.*
- c) Eventos ou plans de difusión realizados fóra do ámbito territorial do concello solicitante.*
- d) Programacións culturais ordinarias sen enfoque turístico principal.*
- e) Probas deportivas, competicións ou eventos deportivos, aínda que contén con público.*
- f) Eventos populares gastronómicos populares ou de confraternización.*
- g) Eventos pechados, privados ou restrinxidos a colectivos concretos.*
- h) Xornadas formativas internas, accións escolares ou actividades educativas.*
- i) Voluntariados ambientais e accións de mantemento, conservación ou limpeza.*
- j) Actividades ou eventos sen difusión turística acreditable e sen interese xeral.*
- k) Actos relixiosos, reivindicativos ou de carácter político, salvo que se xustifique documentalmente a súa finalidade turística principal.*
- l) Gastos de funcionamento ordinario do concello: persoal propio, combustible, material de oficina etc.*
- m) Obxectos de merchandising, obxectos promocionais ou material de agasallo de natureza comercial, premios ou trofeos.*

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas subvencións os concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).*
- Non ter débedas pendentes coa Deputación de Pontevedra.*
- Estar ao corrente das obrigas de pagamento coa Seguridade Social.*
- Non estar incursas en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiarias de axudas ou subvencións públicas, de acordo co artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).*
- Non ter pendente de xustificación subvencións anteriores concedidas pola Deputación de Pontevedra e aboadas a través de pagamento anticipado.*

Só poderán acollerse a esta convocatoria os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, e quedarán excluídas as persoas físicas, asociacións, fundacións, mancomunidades ou entidades privadas.



4. FINANCIAMENTO, GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Este programa de subvencións financiarase cun crédito total de setenta e cinco mil euros (75.000€), con cargo á aplicación 26/433.4320.462.00 do Orzamento da Deputación de Pontevedra.

O importe máximo da subvención para cada entidade solicitante non poderá exceder as seguintes porcentaxes do orzamento presentado:

- a) 40 % do orzamento, para municipios que contén cunha oficina e/ou punto de información turística adherido á Rede INFO RÍASBAIXAS.*
- b) 35 % do orzamento, para municipios declarados de interese turístico ou que contén con algunha celebración declarada de interese turístico.*
- c) 30 % do orzamento, para municipios que contén con algún edificio de titularidade municipal certificado co distintivo SICTED.*
- d) 25 % do orzamento, para o resto de entidades locais.*

En ningún caso o importe concedido poderá superar os cinco mil euros (5.000 €) por entidade solicitante (o sumatorio de ambas as liñas subvencionables) nin as porcentaxes establecidas, aplicadas sobre o orzamento presentado.

No caso de que unha entidade cumpra varios dos requisitos anteriores, aplicarase a porcentaxe máis favorable.

Do mesmo xeito, para o caso de que unha entidade solicite ambas as liñas subvencionables e obteña, entre as dúas, un hipotético importe superior aos cinco mil euros (5.000 €), descontaráselle a parte proporcional en cada liña ata acadar o límite máximo permitido.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, polo que a existencia de crédito suficiente e a obtención da puntuación mínima non implican necesariamente a concesión da axuda polo importe máximo solicitado, e poderá verse reducido en función do número de solicitudes presentadas, da puntuación obtida e do crédito dispoñible.

Serán subvencionables os gastos realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2026 sempre que teñan a condición de subvencionables de acordo co punto 2 destas bases.



De conformidade co disposto no artigo 31 da LXS, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores antes da contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase antes da subvención.

5. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible para cada liña na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de conformidade co disposto nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación de solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Unha mesma entidade poderá solicitar axuda para ambas as dúas liñas de actuación previstas nesta convocatoria, sempre que as actuacións propostas non resulten coincidentes nin se produza solapamento entre elas.

En caso de concorrer ás dúas liñas, deberase presentar unha solicitude independente para cada unha delas; empregarase obrigatoriamente o modelo normalizado específico previsto para a correspondente liña de actuación, así como a documentación que resulte exixible en cada caso.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).



7. DOCUMENTACIÓN

Ademais da solicitude descrita na base anterior, as entidades solicitantes deberán achegar a seguinte documentación adicional:

7.1. Liña 1: material promocional

No caso do material físico:

- *Maqueta, pranchas dixitais ou borrador do material promocional que se pretende realizar, onde se aprecie o deseño xeral, a estrutura, a distribución de contidos e a tipoloxía do soporte (guía, folleto, mapa etc.). Esta documentación deberá achegarse presencialmente cubrindo o modelo de achega separada de documentación, dispoñible na Sede electrónica, unha vez presentada a solicitude, e indicarse o número de rexistro e de expediente en cuestión.*

A presentación física da maqueta do material promocional non terá carácter obrigatorio para a admisión da solicitude; non obstante, non achegala impedirá a avaliación obxectiva dos criterios recollidos nos puntos 11.2.3, 11.2.4 e 11.2.5. En consecuencia, na ausencia da devandita maqueta, a puntuación correspondente a estes criterios poderá ser de cero puntos.

No caso do material en liña:

- *Borrador do deseño do material promocional en liña que se pretende realizar.*

Toda a documentación deberase presentar conforme o previsto nestas bases e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. A maiores da documentación anterior, e de ser necesario presentar algunha memoria ou documento aclaratorio adicional, a entidade solicitante poderá facelo achegando outro documento en formato PDF. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen; excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos a través do modelo de achega separada de documentación indicando o número de rexistro e de expediente.

Non será necesario presentar os documentos xa achegados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

En caso de que fose materialmente imposible obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.



8. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e detallados a continuación:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante.*
- *Adhesión á Rede INFO RÍASBAIXAS das oficinas e/ou puntos de información turística.*
- *Declaracións de municipios de interese turístico de Galicia, segundo o regulado no artigo 27 da Lei 7/2011, do turismo de Galicia, e no Decreto 32/2015.*
- *Certificacións no sistema de calidade SICTED.*
- *Declaracións de festas de interese turístico:*
 - *Festas de interese turístico de Galicia, segundo o regulado no artigo 93 da Lei 7/2011, do turismo de Galicia, e no Decreto 4/2015.*
 - *Festas de interese turístico nacional e internacional, segundo o regulado na Orde ICT/851/2019 do Boletín Oficial do Estado (BOE).*

Se as entidades interesadas se opuxesen a estas consultas, deberán marcar o cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

En caso de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á entidade interesada que o presente ou, na súa falta, que acredite por outro medio os requisitos aos que se refire o documento antes de formularse a proposta de resolución.

9. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e demais actos administrativos realizaranse unicamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e desde <https://dehu.redsara.es/>. Estas entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos en ningún caso producirán o efecto dunha notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.



A notificación da resolución de concesión de subvencións realizarase mediante a publicación no BOPPO, de conformidade co disposto no artigo 45 da LPACAP.

10. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DESTAS

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite.

Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

11. VALORACIÓN E CONCESIÓN

A concesión das axudas realizarase por concurso; para iso, teranse en conta os seguintes criterios e poderase obter un máximo de 100 puntos:

11.1. Valoracións xerais: ata 55 puntos

As valoracións xerais son de aplicación obrigatoria a todas as solicitudes, con independencia da liña á que concorran.

- 1) Dispoñer dunha oficina e/ou punto de información turística adherido á Rede provincial INFO RÍASBAIXAS: 16 puntos.*



- 2) *Dispoñer dunha oficina e/ou punto de información turística aberto ao público durante un período mínimo (ata un máximo de 5 puntos):*
 - *De 8 a 10 meses ao ano: 3 puntos.*
 - *De 11 ou 12 meses ao ano: 5 puntos.*
- 3) *Ser un municipio declarado de interese turístico pola Xunta de Galicia, de conformidade coa Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, e co Decreto 32/2015, de 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico: 17 puntos.*
- 4) *Contar cun edificio de titularidade municipal certificado no sistema de calidade turística SICTED: 5 puntos.*
- 5) *Realización, no ámbito territorial da entidade solicitante, de festas de interese turístico de Galicia, nacional ou internacional no municipio, e de conformidade co disposto no artigo 93.1 da citada Lei 7/2011, no Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festa de interese turístico de Galicia, e na Orde ICT/851/2019, de 25 de xullo, pola que se regula a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional: ata un máximo de 12 puntos.*
 - *Festa de interese turístico de Galicia: 2 puntos (máximo de 12).*
 - *Festa de interese turístico nacional: 6 puntos (máximo de 12).*
 - *Festa de interese turístico internacional: 10 puntos (máximo de 12).*

As valoracións xerais son de aplicación obrigatoria a todas as solicitudes, con independencia da liña á que concorran, e computarán xunto coa valoración específica de cada liña para determinar a puntuación total da solicitude.

11.2. Valoracións da liña 1: material promocional (ata 45 puntos).

A puntuación total de cada solicitude obtense da suma da valoración xeral e da valoración específica da liña correspondente.

- 1) *Harmonización do deseño co material do destino Rías Baixas (anexo I) co fin de integrar a oferta turística provincial: ata 18 puntos.*
Valorarase o grao de coherencia visual e conceptual co material e directrices da marca Rías Baixas, de acordo cos criterios do anexo I.



- 2) *Orixinalidade e creatividade. Valorarase o grao de innovación no concepto do material promocional no enfoque, contido promocional e formato: ata 15 puntos.*
- 2.1. *Novidade da temática e/ou do produto turístico (ata 4 puntos):*
- *Temática existente con adaptacións ou combinación de elementos diferenciadores: 1 punto.*
 - *Temática novidosa con respecto á oferta turística do territorio: 2 puntos.*
 - *Reinterpretación creativa da temática e/ou do produto turístico: 3 puntos.*
 - *Concepto claramente novidoso e/ou introdución dunha temática turística inexistente no ámbito territorial: 4 puntos.*
- 2.2. *Enfoque creativo no deseño do material e/ou na organización do evento (ata 3 puntos).*
- *Inclusión de elementos creativos en canto á narrativa, dinamización etc.: 1 punto.*
 - *Incorporación de elementos creativos claramente diferenciadores do enfoque tradicional: 2 puntos.*
 - *Deseño baseado nunha metodoloxía ou enfoque innovador que xera unha experiencia turística singular: 3 puntos.*
- 2.3. *Innovación dos contidos turísticos (ata 3 puntos):*
- *Contidos habituais da oferta turística: 1 punto.*
 - *Contidos que incorporan novos elementos interpretativos ou complementarios para a posta en valor: 2 puntos.*
 - *Contidos que presentan contidos turísticos orixinais cunha nova narrativa turística do destino: 3 puntos.*
- 2.4. *Creatividade do formato e recursos empregados (ata 5 puntos):*
- *Formato convencional con elementos creativos ou de apoio, coma a inserción de códigos QR: 1 punto.*
 - *Formato que introduce varios recursos creativos e/ou participativos que melloran a experiencia e a presentación do destino: 3 puntos.*
 - *Formato altamente innovador e experiencial cunha concepción creativa integral, que inclúe o deseño e contido que achega un xeito singular de interpretar os recursos turísticos: 5 puntos.*
- 3) *Calidade do material: calidades dos materiais, dos contidos, da gráfica, das imaxes e posibilidades de ter unha vida útil prolongada: 2 puntos.*
- 4) *Uso de materiais sostibles no caso de material físico e optimización do material para reducir consumo de datos ou eficiencia tecnolóxica no caso de material en liña: 5 puntos.*



5) *Aplicación de accesibilidade universal, de acordo cos criterios da Lei 10/2014, de accesibilidade de Galicia, do Real decreto legislativo 1/2013, do Real decreto 1112/2018, e das recomendacións técnicas WCAG, para unha lexibilidade adaptada, contraste no deseño, adaptación de materiais e linguaxe inclusiva: ata 5 puntos.*

- *Presenta as condicións básicas de información, comprensión e lexibilidade: 1 punto.*
- *Ademais do anterior, incorpora un deseño accesible en materiais e soportes: tipografía, contraste e fondo, así como unha estrutura clara da información: 2 puntos.*
- *Ademais do anterior, emprégase unha linguaxe clara e inclusiva para facilitar a comprensión da mensaxe: 3 puntos.*
- *Ademais do anterior, incorpora medidas específicas de accesibilidade, coma a adaptación de contidos, soportes adaptados ou alternativos etc.: 4 puntos.*
- *Ademais do anterior, a proposta amosa unha aplicación avanzada e sistemática da accesibilidade universal, ao incluír medidas aliñadas coas recomendacións WCAG e estratexias integrais que permiten a comprensión autónoma e plena: 5 puntos.*

En caso de empate, terá preferencia a entidade que obteña maior puntuación nos criterios 1 (harmonización) e 4 (sostibilidade), por ser prioritarios para a Deputación de Pontevedra no marco da súa estratexia de promoción turística sostible.

Non se lles concederán subvencións ás solicitudes que non acaden un mínimo de 50 puntos no total da valoración (valoración xeral + valoración da liña subvencionable), sen prexuízo de que a solicitude deba acadar un mínimo de 15 puntos en cada unha das partes (xeral e específica da liña correspondente), co que se xustifica a viabilidade e calidade da actuación proposta. Concederanse subvencións por orde de puntuación ata esgotar o crédito dispoñible.

11.3. *Valoracións da liña 2: eventos de promoción turística (ata 45 puntos).*

A puntuación total de cada solicitude obterase da suma da valoración xeral e da valoración específica da liña correspondente.

1) *Impacto turístico do evento promocional, co fin de medir a súa efectividade como instrumento de promoción turística e o seu retorno económico a partir da capacidade de atracción e repercusión: ata 9 puntos.*



Refírese á estimación de asistentes, ao plan de comunicación, ao alcance territorial e á notoriedade turística do evento, polo que, en función da seguinte táboa de asistencia, outorgarase unha valoración de entre 1 e 9 puntos:

| Puntos | Asistencia prevista | Cobertura mediática/redes sociais | Potencial do retorno económico e promoción do destino |
|--------|-------------------------|--|--|
| 1 | <100 asistentes | Repercusión mínima ou nula en medios e redes | Retorno económico moi limitado; escasa promoción do destino |
| 2 | 100–250 asistentes | Cobertura local limitada; algunhas publicacións en redes | Retorno económico baixo; visibilidade local mínima |
| 3 | 251–500 asistentes | Cobertura local e rexional limitada; interacción modesta en redes | Retorno económico baixo-moderado; visibilidade limitada do destino |
| 4 | 501–1.000 asistentes | Cobertura rexional; publicación en medios dixitais e redes sociais con certa interacción | Retorno económico moderado; visibilidade do destino recoñecible |
| 5 | 1.001–2.000 asistentes | Cobertura rexional sólida; presenza en medios dixitais e redes sociais con boa interacción | Retorno económico significativo; promoción efectiva do destino |
| 6 | 2.001–3.000 asistentes | Cobertura rexional-nacional; interacción destacada nas redes sociais | Retorno económico alto; incremento claro do gasto turístico |
| 7 | 3.001–5.000 asistentes | Cobertura nacional; repercusión mediática sólida e presenza activa en redes | Retorno económico moi alto; contribución relevante á promoción do destino |
| 8 | 5.001–10.000 asistentes | Cobertura nacional e especializada; gran repercusión mediática e alta interacción en redes | Retorno económico excelente; fortalecemento da imaxe turística do destino |
| 9 | >10.000 asistentes | Cobertura nacional e internacional; gran repercusión mediática e viralización en redes | Retorno económico sobresaínte; proxección do destino no ámbito nacional e/ou internacional |

2) Calidade técnica e organización do evento, co fin de avaliar a súa viabilidade desde a planificación, coherencia e obxectivos: ata 8 puntos.

2.1. Planificación do evento (ata 3 puntos):

- *Principais actividades planificadas sen ofertas complementarias: 1 punto.*
- *Planificación detallada con actividades complementarias: 2 puntos.*
- *Planificación completa e estruturada con oferta complementaria, con cronograma de tempos con posibles continxencias previstas: 3 puntos.*



2.2. Xestión de recursos e loxística (ata 3 puntos):

- *Recursos suficientes para a xestión do evento turístico e loxística organizada: 1 punto.*
- *Ademais do anterior, medidas de seguridade e un sistema de coordinación para a xestión do evento: 2 puntos.*
- *Equipo capacitado que acredita experiencia con roles específicos e definidos, loxística organizada e medidas de seguridade completa: 3 puntos.*

2.3. Coherencia cos obxectivos (ata 2 puntos):

- *Obxectivos definidos pero pouco coherentes coa planificación e actividades: 1 punto.*
- *Obxectivos coherentes, alcanzables e medibles, aliñados coa planificación do evento: 2 puntos.*

3) Estratexia de comunicación e promoción, co fin de avaliar a súa contribución turística: ata 10 puntos.

Teranse en conta a calidade e o alcance da estratexia de difusión, os canais empregados e a visibilidade do destino Rías Baixas.

3.1. Calidade e eficacia da estratexia de difusión (3 puntos):

- *Claridade da mensaxe: 1 punto.*
- *Ademais do anterior, se existe coherencia co obxectivo turístico: 1 punto.*
- *Ademais do anterior, se conta con medición de resultados e indicadores: 1 punto.*

3.2. Emprego de diferentes canles de comunicación (3 puntos):

- *Uso de canles dixitais: 1 punto.*
- *Uso de canles dixitais e tradicionais: 2 puntos.*
- *Uso de canles tradicionais e dixitais dun xeito innovador e/ou creativo con colaboracións ou creando experiencias virtuais: 3 puntos.*

3.3. Alcance da comunicación (2 puntos):

- *Cobertura de diferentes segmentos turísticos: familias, parellas, público na procura dun turismo temático: 1 punto.*
- *Ademais do anterior, o alcance é nacional e internacional: 2 puntos.*

3.4. Visibilidade do destino Rías Baixas (2 puntos):

- *Recoñecemento da marca do destino Rías Baixas: 1 punto.*
- *Recoñecemento e reforzo da marca Rías Baixas, así como unha cobertura mediática ou que provoca interaccións co destino: 2 puntos.*

4) Contribución á sostibilidade e accesibilidade: ata 8 puntos.

4.1. Sostibilidade ambiental (ata 3 puntos):

- *Aplicanse medidas básicas de redución de residuos e/ou consumo enerxético: 1 punto.*



- *Aplicanse varias medidas ambientais coma a xestión de residuos, a redución de plásticos, a eficiencia enerxética e o transporte sostible: 2 puntos.*
- *Sostibilidade ambiental integrada na planificación e execución do evento, así como a comunicación de boas prácticas ambientais: 3 puntos.*

4.2. Sostibilidade social e económica (ata 3 puntos):

- *Contémpnanse accións con colectivos específicos: 1 punto.*
- *Integración de medidas que fomentan a participación da comunidade local, colaboración con asociacións e provedores do territorio: 2 puntos.*
- *Estratexia clara de sostibilidade con impacto positivo na comunidade, con posibilidade de xerar oportunidades locais, inclusión de colectivos e campaña de sensibilización: 3 puntos.*

4.3. Accesibilidade universal (ata 2 puntos):

- *Aplicanse medidas básicas de accesibilidade en canto á sinalización, acceso a espazos e materiais: 1 punto.*
- *Accesibilidade integral en canto a material informativo, promoción, sinalización, espazos, linguaxe inclusiva, adaptación de actividades etc.: 2 puntos.*

5) Innovación e orixinalidade do evento, co fin de premiar a creatividade e a innovación como potencial de xerar impacto mediático e interese turístico, ata 10 puntos:

- *Se o evento é inédito na provincia: 10 puntos.*
- *Se é unha adaptación innovadora dun formato existente na provincia: 5 puntos.*
- *Se o formato é tradicional pero con melloras menores: 2 puntos.*

En caso de empate terá preferencia a entidade que obteña maior puntuación nos criterios 2 (calidade) e 5 (innovación), por ser prioritarios para a Deputación de Pontevedra no marco da súa estratexia de promoción turística.

Non se lles concederán subvencións ás solicitudes que non acaden un mínimo de 50 puntos no total da valoración (valoración xeral + valoración da liña subvencionable), sen prexuízo de que a solicitude deba acadar un mínimo de 15 puntos en cada unha das partes (xeral e específica da liña correspondente), co que se xustifica a viabilidade e calidade da actuación proposta.

Concederanse subvencións por orde de puntuación ata esgotar o crédito dispoñible.



12. INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS
A instrución do procedemento de concesión da subvención corresponderalle ao Servizo de Turismo, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co artigo 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). As actividades de instrución incluirán:

a) A petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que esixan as normas que regulan a subvención.

b) A avaliación das solicitudes de acordo cos criterios de valoración.

Unha vez avaliadas as solicitudes e logo do informe de Intervención, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se incluírá o resultado da avaliación realizada.

O Servizo de Turismo, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se lles notificará ás persoas interesadas, ás que se lles outorgará un prazo de dez (10) días para presentar alegacións. En caso de que no procedemento non concorresen outros feitos que os aducidos polas persoas interesadas, prescindirase deste trámite de audiencia, e a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado integrado polos seguintes membros:

| | |
|---------------------------------|--|
| <i>Presidente</i> | <i>O deputado delegado en materia de turismo.</i> |
| <i>Vogais</i> | <i>A directora do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra. Un membro do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra. Un membro do equipo técnico do Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra.</i> |
| <i>Secretaria ou secretario</i> | <i>Un membro do equipo técnico do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra.</i> |



A resolución do procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra. O prazo máximo para resolver e notificar será de seis (6) meses desde a publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo sen notificarlles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase como desestimada por silencio administrativo.

A resolución de concesión de subvencións publicarase no BOPPO para os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da LPACAP.

A resolución ponlle fin á vía administrativa. Contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso facultativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 112 e 124 da LPACAP, ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

13. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

As axudas concedidas entenderanse aceptadas se as entidades beneficiarias non se opoñen ou as rexeitan expresamente no prazo de dez (10) días hábiles desde a súa notificación.

14. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto no artigo 35 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, poderanse autorizar modificacións da resolución de concesión cando concorran causas debidamente xustificadas sempre que non supoña unha variación na puntuación acadada no momento de concesión da subvención, non se altere a finalidade da subvención nin se prexudiquen dereitos de terceiras persoas. En caso de que a modificación leve consigo un cambio na data de realización das actividades subvencionables, será necesaria en todo caso unha autorización previa da Deputación de Pontevedra.

As modificacións poderán referirse exclusivamente a:

- *Cambios xustificados nos prazos de execución ou xustificación.*
- *Variacións técnicas menores previamente informadas ou notificadas e aprobadas polo Servizo de Turismo.*
- *Pequenas redistribucións do gasto que non lles afecten ao importe total concedido nin ao obxecto da subvención.*



A solicitude de modificación deberá presentarse tan pronto como se coñeza a circunstancia que a motiva, e sempre antes de que remate o prazo de execución da actividade.

Non se autorizarán modificacións que:

- *Alteren substancialmente o obxecto da subvención.*
- *Supoñan un incremento do importe concedido.*
- *Impliquen cambio de beneficiaria.*

15. PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión da subvención no BOPPO e na súa páxina web, e remitiráselle á BDNS.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán dar a coñecer adecuadamente o carácter público do financiamento recibido antes do comezo da actividade subvencionada.

A este respecto, as medidas de difusión consistirán:

- *Na liña 1, de material promocional:*
 - *O material subvencionado polo Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra deberá contar coa identidade corporativa actualizada no propio material.*
 - *Á hora de ser promocionado farase mención á subvención percibida.*
- *Na liña 2, de eventos de promoción turística:*
 - *Identifícaranse o Servizo de Turismo e a Deputación de Pontevedra como institución que subvenciona o evento.*

16. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que o importe conxunto das axudas non supere o custo total da actividade subvencionada.



No momento en que a entidade beneficiaria teña coñecemento da obtención doutras subvencións ou recursos para a mesma finalidade deberá comunicarllo ao Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra, co fin de realizar as comprobacións oportunas e, se procede, axustar o importe da axuda concedida.

A subvención será incompatible con outras axudas ou subvencións concedidas por outros servizos ou áreas da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade e no mesmo exercicio orzamentario, agás aquelas outorgadas ao abeiro do Plan de obras e servizos (Plan +Provincia), coas que será compatible.

17. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Ademais das obrigas establecidas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias deberán cumprir as seguintes condicións específicas:

- *Obrigas comúns:*
 1. *Executar a actuación subvencionada no prazo establecido e conforme a solicitude e memoria presentadas.*
 2. *Comunicarlle ao Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra calquera incidencia ou modificación relevante antes da súa realización. Comunicar de inmediato calquera circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da actividade subvencionada, co fin de valorar a súa posible modificación, sen que iso implique un incremento da contía concedida.*
 3. *Conservar a documentación xustificativa da subvención durante o prazo legalmente establecido e poñela á disposición da Deputación de Pontevedra cando sexa requirida.*
 4. *Someterse ao control financeiro e ás actuacións de comprobación e seguimento que poida efectuar a Deputación de Pontevedra, de conformidade co artigo 31 da súa Ordenanza xeral de subvencións, aprobada polo Pleno o 28 de outubro de 2016 (BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016).*
 5. *Comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade tan pronto como se teña coñecemento.*
 6. *Publicitar o financiamento obtido nos termos establecidos nestas bases e acreditar o seu cumprimento na xustificación.*
 7. *A contratación dos servizos ou subministracións necesarios para executar as actuacións deberá levarse a cabo conforme a lexislación vixente en materia de contratación pública, de acordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.*



- *Liña 1: material promocional*
 - a) *Garantir que o material subvencionado conteña información actualizada, veraz e validada polo persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas.*
 - b) *Garantir que o contido do material promocional físico ou en liña é exclusivamente turístico.*
 - c) *Garantir que o material incorpora a identidade corporativa institucional e os logotipos oficiais en versión actualizada e conforme as directrices vixentes.*
 - d) *Asegurar que o material posúe unha imaxe e calidade gráfica adecuadas, en consonancia coa finalidade de promoción turística provincial.*
 - e) *Elaborar o material de acordo coa maqueta ou proposta presentada na solicitude, que constitúe o obxecto da subvención concedida.*
- *Liña 2: eventos de promoción turística*
 - a) *Garantir que o evento promocional subvencionado se executará de acordo coa memoria presentada e mantendo a coherencia dos contidos turísticos previstos.*
 - b) *Incorporar, de maneira visible e proporcionada, os logotipos oficiais de Turismo Rías Baixas e da Deputación de Pontevedra, de acordo coas normas de identidade gráfica vixentes e coa medida de difusión establecida na base décimo quinta desta convocatoria.*
 - c) *Garantir que o evento conta cun plan mínimo de difusión e comunicación e que se executa conforme o indicado na memoria.*

18. XUSTIFICACIÓN

Unha vez finalizada a actividade obxecto da subvención, a entidade beneficiaria terá de prazo ata o 31 de decembro de 2026 para presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), atendendo aos artigos 30.2 e 30.7 da LXS e segundo o previsto na base novena desta convocatoria, a seguinte documentación:

18.1. Liña 1: material promocional

1. *Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:*
 - a) *Copia da maqueta do material promocional realizado pola entidade adherida, no caso de material físico, ou borrador do material promocional, no caso do material en liña. Se se trata de material físico, estas copias deberán achegarse presencialmente a través do modelo de achega separada de documentación, dispoñible na Sede electrónica, e indicarse o número de rexistro da solicitude e do expediente en cuestión.*
 - b) *Memoria explicativa da finalidade subvencionada, con mención expresa ao seguinte:*
 - *Explicación, razoamento e finalidade do tipo de contidos turísticos que se inclúen.*
 - *Tipo de deseño, formato, materiais empregados e xustificación das medidas de accesibilidade e sostibilidade adoptadas.*



- c) *Entrega de dous exemplares do material físico ao Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra, unha vez comunicada a concesión e executados os traballos.*
- d) *Acreditación de que se cumpre a difusión do financiamento obtido no tempo e na forma establecidos (entre outros, a través da utilización dos logos de Turismo Rías Baixas e da Deputación de Pontevedra).*
2. *Xustificación de gastos:*
- a) *Conta xustificativa de gastos (segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica), na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as nóminas, facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Esta conta xustificativa conterá unha declaración responsable de que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade subvencionada, foron aprobados polo órgano competente e se atopan á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame.*
- b) *Certificación da persoa titular da Secretaría, Intervención ou persoal funcionario competente acreditativa de que os gastos cuxos datos figuran na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada, foron aprobados polo órgano competente e se atopan á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame e, no seu caso, os xustificantes correspondentes.*
3. *Xustificación de ingresos:*
- a) *Conta xustificativa de ingresos, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, que incluírá:*
- Detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada (con indicación da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra e as achegas doutras entidades, organismos, particulares etc.) e do financiamento propio.*
 - Declaración responsable de que os ingresos ou recursos obtidos por conta allea non superan o custo ou gasto da finalidade subvencionada.*

A xustificación considerarase incompleta se non se achega toda a documentación mínima esixida nestas bases.

O incumprimento das obrigas de xustificación dará lugar á perda da subvención e, en caso de pagamento anticipado, iniciarase o procedemento do seu reintegro.



18.2. Liña 2: eventos de promoción turística

1. Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:

a) Memoria de execución do evento promocional realizado pola entidade, con mención expresa a:

- *Tipo de evento e contidos turísticos que se inclúen, datas e lugar de realización, actividades levadas a cabo e número de participantes.*
- *Materiais empregados e alcance da difusión en medios ou redes sociais.*
- *Xustificación das medidas de accesibilidade e sostibilidade adoptadas.*
- *Desviacións da programación prevista se as houberse.*

b) Acreditación de que se cumpre a difusión do financiamento obtido no tempo e na forma establecidos (entre outros, a través da utilización dos logos de Turismo Rías Baixas e da Deputación de Pontevedra).

2. Xustificación de gastos:

a) Conta xustificativa de gastos (segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica), na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as nóminas, facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Esta conta xustificativa conterá unha declaración responsable de que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade subvencionada, foron aprobados polo órgano competente e se atopan á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame.

b) Certificación da persoa titular da Secretaría, Intervención ou persoal funcionario competente acreditativa de que os gastos cuxos datos figuran na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada, foron aprobados polo órgano competente e se atopan á disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame e, no seu caso, os xustificantes correspondentes.

3. Xustificación de ingresos:

a) Conta xustificativa de ingresos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, que incluirá:

- *Detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada (con indicación da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra e as achegas doutras entidades, organismos, particulares etc.) e do financiamento propio.*
- *Declaración responsable de que os ingresos ou recursos obtidos por conta allea non superan o custo ou gasto da finalidade subvencionada.*



A xustificación considerarase incompleta se non se achega toda a documentación mínima esixida nestas bases.

O incumprimento das obrigas de xustificación dará lugar á perda da subvención e, en caso de pagamento anticipado, iniciárase o procedemento de reintegro da subvención.

19. PAGAMENTO

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade financiada.

Para aboala terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado en cada capítulo, aboarase a totalidade da subvención.*
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % nalgún dos capítulos, aboarase a parte proporcional da subvención.*
- As penalizacións por incumprimento de obrigas recollidas no artigo 28 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra aplicaranse sobre a porcentaxe xustificada da subvención.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria. A variación ou o incumprimento de condicións ou circunstancias valorables na concesión que, de coñecerse no momento da valoración, desen lugar a unha subvención inferior, supoñerá o axuste á baixa da subvención concedida, salvo nos supostos de variación substancial ou incumprimento da finalidade, nos que poderá producirse o inicio do procedemento de perda ao dereito de cobro da subvención.

20. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E RÉXIME SANCIONADOR

Unha vez vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presente a documentación xustificativa, o Servizo de Turismo requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste único prazo supoñerá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como das condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar á cancelación e á obriga de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.



O reintegro levará engadida a esixencia de xuros de demora correspondentes desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro. De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto no título IV, capítulos I e II da LXS e no artigo 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

21. RÉXIME XURÍDICO

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. De xeito supletorio, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable. Así mesmo, rexeranse pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas de dereito privado.

22. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>."



3.37216.- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS, PARA LEVAR A CABO PARTE DA ACTUACIÓN 2 "TRABALLOS DE RENATURALIZACIÓN NAS RIBEIRAS DOS RÍOS.", DO "PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO- PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte.2024018691)

ANTECEDENTES DE FEITO

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa "NextGeneration EU" dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolvido conforme o Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.

A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membro para lograr unha recuperación sostible e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membro; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias para seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

Os investimentos do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levaranse a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas.

A Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.



NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- R.D. Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS) e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- E demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 del Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.
- Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



- Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas, e formalízanse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021 polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 investimento 1 do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, para o exercicio 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. - A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia instrumentase ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveis de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

SEGUNDO. - A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.II), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveis da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

En consecuencia, a deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 28 de setembro de 2021 o "Plan de Sustentabilidade Turística do Condado Paradanta. Unha terra entre ríos" (PSTD do Condado Paradanta, a continuación).



O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo xeneral: Promover o crecemento equilibrado e impulsar a renovación do sector turístico de Condado Paradanta e orientalo na dinámica do turismo sostible e mellorar a calidade de vida na contorna. O modelo de desenvolvemento turístico de Condado Paradanta implicará a dinamización económica e social da comunidade e a preservación do seu patrimonio natural e cultural. Situarase ás persoas no centro da estratexia potenciando a xeración de oportunidades e potenciando a participación cidadá e dos visitantes no desenvolvemento dun novo modelo turístico orientado cara á sustentabilidade e creación de tecido produtivo e asociativo. Prevese mellorar a rendibilidade social e económica do turismo na comarca.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 3 anos (desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024, prorrogado inicialmente mediante addenda ata maio de 2026, e posteriormente prorrogado mediante addenda de execución ata o 30 de xuño e xustificación ata o 30 de setembro).

Ámbito de actuación do proxecto: Os concellos das Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, A Caniza, Arbo, Covelo e Crecente.

Actuacións:

| Eje programático | Actuación |
|------------------------------|--|
| EJE 1- Transición verde | Plan Director do entorno do Castillo de Sobroso |
| | Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos. |
| EJE 2- Eficiencia enerxética | Plan de iluminación eficiente do patrimonio. |
| | Plan integral de mobilidade do destino. |
| EJE 3- Transición dixital | Produto de realidade virtual entorno á festa do Corpus de Ponteareas. |
| | Ferramentas dixitais para a interpretación de castros. |
| EJE 4- Competitividade | Recuperación e posta en valor do patrimonio etnográfico e melloras para o Centro do Tea. |
| | Festa do Corpus Christi en Ponteareas. Creación do primer museo ao aire libre. |
| | Plan de marketing e creación de marca. |
| | Configuración e desenvolvemento de novos produtos turísticos sostibles. Centro BTT. |
| | Club de produto da lamprea. |
| | Apoio ao ente Xestor. Coordinación, seguimento e avaliación do plan. |

Financiamento: 100% o Ministerio.

Orzamento financiable: 2.100.000,00 euros.

Subvención proposta: 2.100.000,00 euros.



TERCEIRO.- No BOE do 13 de xaneiro publícase a Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas, e formalízanse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14, investimento I do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o exercicio 2021, tamén consta no crédito asignado a PT Galicia 2021 ao PSTD Condado Paradanta “Unha Terra entre os ríos”, detallando a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 1.500.000,00€.

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión común do día 29 de xullo de 2022, adoptou o acordo 6.7832, ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E COMPROMISOS DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO: 92210005 – CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RÍOS” (EXPTE. 2021047846).

A Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración.

Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor da Deputación de Pontevedra, coa finalidade de cumprir fitos e obxectivos incluídos na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como ao financiamento establecido para cada un deles.

Con data 11 de novembro de 2022 asínase Convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a execución do Plan de Sustentabilidade turística en destino – Condado Paradanta- unha terra entre ríos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU.

A Deputación de Pontevedra recibiu o anticipo do importe correspondente ao financiamento do Plan de Sustentabilidade Turística do Condado Paradanta o 27 de febreiro de 2023.

Con data 17 de decembro de 2024 asínase Addenda ao Convenio coa Axencia de turismo de Galicia onde se incrementa a dotación financeira do Plan de Sustentabilidade e prorrógase a execución do mesmo ata maio de 2026.



O día 8 de maio de 2026 asínase nova Addenda ao convenio onde se prorroga a execución do mesmo ata o 30 de xuño de 2026 e xustificación ata o 30 de setembro.

CUARTO.- Na relación de entidades beneficiarias sinala, entre outras, á Deputación de Pontevedra, cunha dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra de 2.100.000,00 €.

QUINTO.- Que os Municipios mostraron o seu compromiso de participar no proxecto no proceso participativo #levar# a cabo para a redacción do plan de sustentabilidade turística, priorizando nese momento unha selección de actuacións dentro do proxecto para implementar dentro do seu termo municipal.

SEXTO. - O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do Goberno Local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Doutra banda, os municipios, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, por tanto, partícipes fundamentais nos eixos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; á vez que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan alcanzar os mesmos dereitos e servizos.

SÉTIMO. - Para a execución das actuacións do proxecto é necesario articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello mediante un convenio que constitúe o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da LRBR e 198 e seguintes da LALGA.

En consecuencia, o obxecto da addenda do convenio é articular devanditas bases para a execución de actuacións seleccionadas polo Concello no seu termo municipal dentro do marco do citado proxecto nos novos prazos regulados pola addenda formalizada coa Axencia de Turismo de Galicia.

OITAVO. - Especificase no convenio, entre outras cláusulas, as características e requisitos das actuacións, o importe e financiamento, os compromisos das partes, vixencia do convenio e a súa extinción, contendo, polo menos, o contido establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo acompáñase da correspondente memoria xustificativa onde se analizan todos os aspectos aos que se refire o artigo 50.1 da citada Lei.



O 12 de maio de 2026 emítase informe proposta (CSV: MZD9FUZXLNATRU5R).

O 15 de maio de 2026 emítase Informe Xurídico (CSV: 98IMMB2QCSHS6GP3) e Memoria Xustificativa (CSV: 8SQTMVITH4VR5LT).

O 19 de maio de 2026 o Servizo de Intervención emite informe favorable.

COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación deste convenio é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16.2 de execución do vixente orzamento Deputación de Pontevedra.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a “ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS, PARA LEVAR A CABO PARTE DA ACTUACIÓN 2 “TRABALLOS DE RENATURALIZACIÓN NAS RIBEIRAS DOS RÍOS.”, DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TUÍSTICA EN DESTINO CONDADO- PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU”, cuxo texto é como segue:

“ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS, PARA LEVAR A CABO PARTE DA ACTUACIÓN 2 “TRABALLOS DE RENATURALIZACIÓN NAS RIBEIRAS DOS RÍOS.”, DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TUÍSTICA EN DESTINO CONDADO- PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luís López Diéguez, quen actúa en nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D.ª María Nava Castro Domínguez e quen actúa en nome e na representación do Concello de Ponteareas, en virtude da súa condición de Alcaldesa-presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21.1.b da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.



Actúa D^a. María Beatriz del Cerro del Río, en calidade de vicesecretaria xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, para estes efectos, de común acordo:

EXPOÑEN

I. Que con data 29 de agosto de 2024 foi subscrito o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontearreas para a execución de parte da Actuación 2 “Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos”, dentro do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Condado Paradanta “Unha Terra entre Ríos”, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU con Código seguro de verificación:5PWNUY23PMXA1LHR.

II. Que durante o desenvolvemento técnico da actuación púxose de manifesto a necesidade de complementar as intervencións inicialmente previstas mediante actuacións de sinalización, rotulación e información turística vinculadas ao ámbito territorial da actuación e orientadas a mellorar a experiencia de uso, orientación e interpretación do espazo turístico.

III. Que devanditas actuacións complementarias resultan coherentes cos obxectivos do Eixo 1 “Transición Verde” e coa finalidade de mellora de espazos turísticos asociados á renaturalización e posta en valor da contorna fluvial.

IV. Que ambas as partes consideran conveniente formalizar a presente addenda, ao amparo do disposto na cláusula de vixencia e modificación do convenio e conforme aos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

A presente addenda ten por obxecto ampliar o alcance material das actuacións incluídas dentro da Actuación 2 “Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos”, incorporando actuacións complementarias de sinalización, rotulación e información turística no ámbito da praia fluvial da Freixa, en Pontearreas.

Segunda. Características e requisitos das actuacións

As actuacións para implementar no presente proxecto céntranse na reparación do pavimento da senda, limpeza dos entullos existentes na mesma, revegetación da contorna, así como o reforzo da marxe do río mediante a aplicación de bioingeniería a través da construción de muros tipo Krainer



en zonas puntuais que, debido ás fortes riadas, provocaron desprendementos de terra que dificultan a continuidade da senda. O presente proxecto comprende as seguintes actuacións (desagregada no Anexo I):

| Concepto | Actuación |
|-------------------------|--|
| EJE 1- Transición Verde | Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos. |

Tendo en conta a actuación definíronse os seguintes requisitos a cumprir:

- A posta ao dispor por parte do Concello dos terreos polos que transcorrerá a senda.
- O mantemento da actuación corresponderá ao concello de Ponteareas.

Así mesmo, dentro das actuacións comprendidas na Actuación 2 poderán incluírse actuacións complementarias de mellora da sinalización, información e identificación de servizos vinculados a espazos fluviais e turísticos asociados ao ámbito de intervención, cando resulten necesarias para mellorar a funcionalidade, accesibilidade, orientación e interpretación do espazo.

Terceira. Importe e Financiamento

Estas actuacións están subvencionadas ao 100% polo PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

O custo total máximo do investimento para realizar para os Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos no termo municipal de Ponteareas do proxecto de restauración da senda fluvial do río Tea, ascenderá a 200.000,00 €, IVE incluído.

No entanto, os custos definitivos serán os que resulten dos proxectos aprobados e das correspondentes adjudicacións, non podendo exceder en ningún caso os importes máximos estimados na presente cláusula.

Será por conta da Deputación Provincial de Pontevedra a intervención de “Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos”, proxecto de restauración da senda fluvial do río Tea.

O investimento máximo para a realización da devandita actuación no Concello de Ponteareas ascenderá a un total de 195.402,00 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do proxecto 92210005 - PSTD Condado Paradanta “Unha terra entre ríos”- 433.4325.652.99 Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos ou na vinculación xurídica.

Así mesmo, dentro do financiamento asignado á Actuación 2 “Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos”, poderán incluírse actuacións complementarias vinculadas á mellora funcional, interpretativa, señalética e de información turística dos espazos obxecto de intervención.



Neste marco incorpórase a subactuación consistente na subministración e instalación de elementos de rotulación, sinalización e información para a praia fluvial da Freixa (Ponteareas), por importe máximo de 18.010,85 €, IVE incluído, financiado con cargo ao proxecto PSTD Condado Paradanta "Unha terra entre ríos", con imputación orzamentaria á aplicación 26/433.4325.625.00 – Mobiliario – Proxecto 92210005 PSTD Condado Paradanta "Unha terra entre ríos".

A incorporación desta actuación complementaria non supón alteración do réxime de financiamento previsto no convenio nin incremento do importe máximo global asignado á Actuación 2.

Cuarta. Compromisos das partes

O Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra será o organismo responsable do plan, que conta cun equipo técnico amplo e con consolidada experiencia na xestión e en planificación de plans, produtos turísticos e promoción, o que garante a súa viabilidade, asumindo as obrigacións como responsable do proxecto.

Será obriga da Deputación de Pontevedra:

- a) A obtención dos permisos e autorizacións sectoriais necesarias.*
- b) A contratación e financiamento da totalidade das obras completas obxecto deste convenio.*
- c) A Dirección, Inspección e control da execución dos traballos contratados.*

Será obriga do Concello de Ponteareas

- a) A posta ao dispor dos bens e dereitos afectados, libres de cargas, para a execución das actuacións para realizar no seu termo municipal.*
- b) A aprobación dos proxectos para a realización dos traballos da actuación.*

En relación coa obtención de permisos, autorizacións sectoriais e demais títulos habilitantes necesarios para a execución das actuacións incluídas na Actuación 2, ambas as partes poderán colaborar na súa tramitación conforme a natureza de cada intervención e ao ámbito competencial correspondente.

Cando as actuacións se desenvolvan sobre espazos, bens ou infraestruturas de titularidade municipal, ou cando por razóns de proximidade administrativa resulte máis eficiente a súa xestión, o Concello de Ponteareas poderá asumir a tramitación e obtención das autorizacións sectoriais necesarias, sen prexuízo de que a Deputación Provincial de Pontevedra manteña a responsabilidade de contratación, licitación e execución das actuacións.



A obtención das devanditas autorizacións por parte do Concello non alterará a distribución de financiamento nin o réxime de execución previsto no convenio.

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Licitar, adxudicar, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descritiva do proxecto que engloban as actuacións, nas que é imprescindible, necesaria e complementaria a participación do Concello de Pontearreas.*
- Facilitar toda a información necesaria ao Concello de Pontearreas para levar a cabo as actuacións previstas.*
- Acordar co Concello o contido de eventos, notas de prensa ou calquera outro acto que contribúa a difundir o presente convenio.*
- Velar porque as actividades e as accións das que consta o proxecto non se beneficiaron nin se beneficien de axudas financeiras que supoñan un dobre cofinanciamento.*
- Comprometerse a informar o órgano xestor das axudas sobre calquera axuda financeira que non fose pública e que sexa recibida por calquera Asociación adherido ao proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns).*
- Comprometerse a comunicarlle ao órgano xestor das axudas, se é o caso, que a axuda recibida informada en virtude do parágrafo anterior debe considerarse como axuda do Estado de conformidade coa normativa comunitaria.*
- Ter unha contabilidade separada de cada operación e presentar a xustificación da axuda no prazo de tres meses desde a finalización das actuacións subvencionadas, de acordo co cronograma presentado na solicitude, para presentar a xustificación dos gastos realizados e, en todo caso, antes do 31 de marzo de 2025.*
- Solicitar as modificacións da resolución de concesión de acordo co disposto na convocatoria, no seu caso.*
- Comprometerse a proceder á devolución da axuda indebidamente percibida, sen prexuízo dos intereses legais que lle puidesen esixir, reembolsando así as sumas abonadas indebidamente conforme ao disposto nos regulamentos comunitarios e demais normativa de aplicación. A Deputación de Pontevedra asumirá integramente os intereses legais que lle puidesen esixir xa sexa por devolución da axuda debido a sobrantes de execución ou a decisión de non execución dunha determinada actuación xa sexa por decisión da Deputación ou do Concello, unha vez analizadas as mesmas.*
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación sexalle requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, tratándose dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.*



Alén das condicións impostas pola resolución de concesión da axuda, a Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria do PSTD, suxéitase ás seguintes condicións e obrigacións:

- *Asumir, fronte á entidade convocante, a totalidade de dereitos e obrigacións inherentes a tal condición, derivada da Lei 38/2003, do 17 de novembro e do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.*
- *Comprometerse a cumprir coas obrigacións a que se refire o artigo 11 do devandito Real Decreto, sendo con carácter xeral as sinaladas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e adicionalmente e en particular, entre outras, as seguintes:*
 - *Conservar os documentos en formato electrónico durante un período de cinco anos a partir da operación, de acordo co artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º ou 1296/2013, (UE) n.º ou 1301/2013, (UE) n.º ou 1303/2013, (UE) n.º ou 1304/2013, (UE) n.º ou 1309/2013, (UE) n.º ou 1316/2013, (UE) n.º ou 223/2014 e (UE) n.º ou 283/2014 e a Decisión n.º ou 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) n.º ou 966/2012.*
 - *Garantir o respecto ao principio de «non causar un prexuízo significativo», conforme ao previsto no Plan de Recuperación, no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular a Comunicación da Comisión Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como co requirido na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España.*
- *Cumprir, ademais, coas obrigacións, europeas e nacionais, relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. Para ese efecto, a Deputación de Pontevedra deberá aterse ao seguinte:*
 - *Someterse ás actuacións de control das institucións da Unión, en virtude do artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro.*
 - *Solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos e en formato electrónico, as categorías harmonizadas de datos contempladas no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro. Devanditos datos serán incorporados nunha base de datos única.*



- *Ser responsables da fiabilidade e o seguimento da execución das actuacións subvencionadas, de xeito que poida coñecerse en todo momento o nivel de consecución de cada actuación.*
- *Establecer, no seu caso, mecanismos que aseguren que as actuacións para desenvolver por terceiros contribúen ao logro das actuacións previstas e que devanditos terceiros acheguen a información que, no seu caso, fóra necesaria para determinar o valor dos indicadores, fitos e obxectivos pertinentes do Plan de Recuperación.*
- *Asumir o mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco desta subvención e a obrigaón de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda e Función Pública de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea.*

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra deberá conservar os documentos xustificativos e demais documentación concernente ao financiamento, en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir da operación. Este período será de tres anos se o financiamento non supera os 60.000 euros.

- *Asegurar a regularidade do gasto subxacente e a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de interese e o dobre financiamento.*
- *Garantir que, na execución das actuacións subvencionadas, non prexudicarán significativamente ao medio ambiente, de acordo co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.*

Pola súa banda, o Concello de Pontearreas, obrígase a:

- *Facilitar toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións previstas e destinar os recursos para a adecuada execución da restauración da senda fluvial do río Tea e o resto das actuacións do proxecto.*
- *Poñer ao dispor da Deputación de Pontevedra os terreos, equipamentos, infraestruturas e espazos necesarios para poder levar a cabo a execución das actuacións que se contempla na memoria descritiva do proxecto libres de cargas.*



- *Velar polo mantemento do investimento durante un prazo de cinco anos desde a data de recepción do servizo obxecto deste convenio, sen que sufra unha modificación substancial que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución e aprobación. Serán considerados cambios substanciais todos aqueles que alteren o obxectivo ou resultado da subvención. O cumprimento deste requisito estará suxeito a comprobacións a criterio do órgano xestor das axudas.*
- *Levar a cabo a conservación e mantemento do equipamento obxecto do convenio, asumindo a responsabilidade desde o día seguinte á da formalización da acta de recepción dos mesmos coas obrigacións establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. No caso de non garantir durante os 5 anos posteriores á formalización da acta de recepción o correcto estado e funcionamento, coas obrigacións establecidas na normativa patrimonial da administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable ao Concello, que impliquen tanto a descertificación de gasto por parte do órgano xestor das axudas como a perda da subvención para percibir no ámbito da convocatoria do proxecto, habilitará a esta Deputación provincial a reclamar ao Concello tanto os importes correspondentes ás perdas do financiamento no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiada pola Unión Europea-NextGenerationEU, como a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña con esta Deputación.*
- *Garantir o acceso aos servizos municipais relacionados coa senda fluvial do río Tea.*
- *Comunicar á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a súa colaboración e facilitar canta documentación requíraselle no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á intervención municipal, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
- *Dar a adecuada publicidade a este convenio para que quede constancia das actuacións que implican o desenvolvemento tecnolóxico, innovador e de sustentabilidade, así como de mellora dos equipamentos dirixidos ao sector comercial do termo municipal; que se levará a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiada pola Unión Europea-NextGenerationEU.*



- *Aceptar a coordinación técnico-administrativa e financeira da Deputación de Pontevedra co fin de facilitar as súas obrigacións ante o órgano xestor das axudas asumindo colaborar e cooperar nas condicións e obrigacións que adquire a Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria do proxecto concedido.*
- *Realizar informes relativos á restauración da senda fluvial do río Tea de carácter anuais e facer o seguimento do mantemento das actuacións.*
- *Asumir as condicións e obrigacións establecidas na convocatoria que lle sexan de aplicación como entidade perceptora de fondos financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU.*

Quinta. Cláusula final de mantemento do resto do convenio

Mantéñense vixentes e sen modificación o resto de cláusulas do convenio subscrito que non resulten afectadas pola presente addenda.

Sexta. Data de eficacia da addenda

A presente addenda producirá efectos desde a data da súa firma.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

ANEXO I: Actuación e desagregación por conceptos do orzamento financiable e distribución das actuacións “TRABALLOS DE RENATURALIZACIÓN NAS RIBEIRAS DOS RÍOS”-PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA SENDA FLUVIAL DEL RÍO TEA, NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 14 – PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO”, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU

| <i>RESTAURACIÓN SENDA FLUVIAL RÍO TEA</i> | <i>COSTE</i> |
|---|---------------------|
| <i>ORZAMENTO BASE DE ADXUDICACION (SIN IVE)</i> | <i>148.860,80 €</i> |
| <i>IVE (21%)</i> | <i>31.260,77 €</i> |
| <i>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (CON IVE)</i> | <i>180.121,57 €</i> |

| <i>PRAIA FLUVIAL A FREIXA</i> | <i>COSTE</i> |
|--|--------------------|
| <i>Rotulación, sinalización e información praia fluvial A Freixa</i> | <i>14.885,00 €</i> |
| <i>IVE (21%)</i> | <i>3.125,25 €</i> |
| <i>ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (CON IVE)</i> | <i>18.010,85 €</i> |



4.37217.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PROXECTO TCO SISTEMA CCTV IP ANALÍTICA VIDEO E SISTEMA LPR CONTROL VIAIS". (Expte. 2026023744)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 27/03/2026, mediante rexistro WEB2026024732, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de CAMBADOS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 78.755,78 euros, co obxecto do financiamento do investimento "PROXECTO TCO SISTEMA CCTV IP ANALITICA VIDEO Y SISTEMA LPR CONTROL VIAIS" (exp.: 2026023744), cuxo orzamento ascende a 78.755,78 euros.

Deste modo, a petición do Concello de CAMBADOS queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidade/s | Orzamento- € | Subvención -Plan + Provincia 2026-2027- € | Achegas doutros Plans ou programas-€ | Fondos propios do Concello -€ |
|--------------|--------------|---|---|----------------------------------|
| 2026 | 78.755,78 € | 78.755,78 € | 0,00 € | 0,00 € |

- O concello emenda a documentación achega en datas posteriores.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), así como a conformidade ao convenio de Portos de Galicia.
- A devandita autorización e a conformidade ao convenio será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerese polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías, de data 16/04/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 20/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de CAMBADOS, CIF: P3600600E, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 78.755,78 euros, co obxecto do financiamento da actuación "PROXECTO TCO SISTEMA CCTV IP ANALITICA VIDEO Y SISTEMA LPR CONTROL VIAIS" (Exp.:2026023744), cuxo orzamento ascende a 78.755,78, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027 | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS | FONDOS PROPIOS CONCELLO |
|------------|-------------|--|------------------------------------|----------------------------|
| 2026 | 78.755,78 € | 78.755,78 € | - € | -€ |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), así como a conformidade do convenio con Portos de Galicia Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de CAMBADOS, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.37218.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO "MELLORA DA MOBILIDADE RURAL EN CUNTIS COA CREACIÓN DUN ESPAZO COMPARTIDO PARA PEÓNS, BICICLETA E VEHÍCULOS" (Expte.2026021660)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial en sesión ordinaria, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de CUNTIS que importa 500.000,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada "MELLORA DA MOBILIDADE RURAL EN CUNTIS COA CREACION DUN ESPAZO COMPARTIDO PARA PEONS, BICICLETA E VEHICULOS" (exp: 2025072595) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, cun orzamento de 605.823,53 euros, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

| Orzamento | SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2025 | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS € | ACHEGA MUNICIPAL |
|--------------|-------------------------------|--------------------------------------|------------------|
| 605.823,53 € | 500.000,00 € | 0,00 € | 105.823,53 € |



- En data 23/03/2026, mediante rexistro WEB2026022334, formalmente e en prazo, emendado en data 30/03/2026 (rexistro WEB2026025301), consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de CUNTIS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 105.823,53 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2025 do investimento “MELLORA DA MOBILIDADE RURAL EN CUNTIS COA CREACION DUN ESPAZO COMPARTIDO PARA PEONS, BICICLETA E VEHICULOS” (exp.: 2026021660), cuxo orzamento ascende a 605.823,53 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de CUNTIS queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento | Subvención-€- Plan +Provincia 2026-2027 | Plan / Programa |
|------------|-------------|--|---|
| 2026 | 605.823,53€ | 105.823,53€ | 500.000,00 € (Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025) |

- Consta nos expedientes vinculados ao expediente 2026021661, o proxecto cos seguintes pronunciamentos favorables:
 - ✓ Ditame da Comisión de Expertos (10/03/2026).
 - ✓ Informe da Intervención Provincial (13/03/2026).
 - ✓ Ditame da Comisión Informativa de Cooperación (20/03/2026).
 - ✓ Autorización plenaria mediante acordo núm. 5.8616 (27/03/2026).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento as autorizacións sectoriais necesarias para a execución do investimento.
- As devanditas autorizacións, a acta de trazado previo e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.



- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente.
 - o 2025072595 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152.
 - o 2025061321 Convocatoria subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os diferentes informes e ditames que avalan o proxecto, así como o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 28/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de CUNTIS, CIF: P3601500F, unha subvención por importe de 105.823,53 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, do investimento "MELLORA DA MOBILIDADE RURAL EN CUNTIS COA CREACION DUN ESPAZO COMPARTIDO PARA PEONS, BICICLETA E VEHICULOS" (exp: 2026021660)", cuxo orzamento ascende a 605.823,53 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o concello achegue as autorizacións sectoriais correspondentes, así como a acta de trazado previo e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A subvención que se concede rexerase polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025 aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024), agás no referido aos prazos de execución e xustificación que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de CUNTIS, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.37219.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO *CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA*, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO "HUMANIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS NATURAIS DA ÁREA DEPORTIVA DE TESTOS" (Expte. 2026025781)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao *concello de A Illa de Arousa* unha subvención por importe de 500.000,00 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento "HUMANIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS NATURAIS DA ÁREA DEPORTIVA DE TESTOS" (expediente 2025072593), cuxo orzamento total ascende á contía de 1.049.999,99 euros e a achega municipal fíxase en 549.999,99 euros.
- Con data 01/04/2026, con núm. de rexistro WEB2026027313, rectificado en data 18/05/2026 rexistro WEB2026042982, en prazo e forma, o *Concello de A Illa de Arousa* solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 549.999,99 euros distribuída en dúas anualidades. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento "HUMANIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS NATURAIS DA ÁREA DEPORTIVA DE TESTOS" (expediente 2025072593), en base a un orzamento polo importe de 1.049.999,99 euros.

Deste modo, a petición do *Concello de A Illa de Arousa* queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento | Subvención PLAN EXTRA 2025 | Subvención -Plan + Provincia 2026-2027 | |
|----------------|-------------------------------|--|-----------------|
| | | anualidade 2026 | anualidade 2027 |
| 1.049.999,99 € | 500.000,00 € | 265.521,25 € | 284.478,74 € |
| TOTAL | | 549.999,99 € | |



- A realización do presente investimento require a expropiación de terreos que se financiará con cargo á presente subvención. O concello deberá achegar a aprobación do expediente de expropiación e as actas de ocupación coa primeira xustificación da axuda económica.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025072593 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025.
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes e ditames favorables que figuran nos expedientes asociados, o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 18/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A ILLA DE AROUSA, CIF: P8600004I, unha subvención por importe de 549.999,99 euros distribuída en dúas anualidades 2026 e 2027, co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria- PLAN EXTRA 2025, do investimento "HUMANIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS NATURAIS DA ÁREA DEPORTIVA DE TESTOS " (exp: 2026025781)", cuxo orzamento ascende a 1.049.999,99 euros.

| Anualidade | Orzamento | Subvención-€- Plan +Provincia 2026-2027 | Plan / Programa |
|------------|----------------|--|---|
| 2026 | 1.049.999,99 € | 265.521,25 € | 500.000,00€ (Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025) |
| 2027 | | 284.478,74 € | |
| TOTAL | 1.049.999,99 € | 549.999,99 € | 500.000,00 € |

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial necesaria para a execución do investimento (Servizo de Litoral da Xunta de Galicia) así como a aprobación do expediente de expropiación e a achega das actas de ocupación. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- A subvención que se concede rexerese polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025 aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024), agás no referido aos prazos de execución e xustificación que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de A ILLA DE AROUSA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.37220.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS,, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN RÚA ANIÑADA" (Expte.2026010314)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 25/02/2026, mediante rexistro WEB2026012243, o Concello do Marín presentou formalmente e en prazo, a través da sede electrónica desta Deputación, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 148.963,56 euros, para financiamento do investimento "RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN RÚA ANIÑADA" (expdte 2026010314). O orzamento total da actuación ascende a 169.756,20 euros. O financiamento da obra complétase cunha achega da entidade municipal por importe de 20.792,64 euros.



- En datas posteriores, o Concello de Marín completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, despréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/04/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 21/04/2026, que conclúen favorablemente a concesión da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Marín, CIF: P3602600C, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 148.963,56 euros, para o financiamento do investimento “RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN RÚA ANIÑADA” (expdte 2026010314). O orzamento total da actuación cífrase en 169.756,20 euros; o financiamento complétase cunha achega da entidade municipal por importe de 20.792,64 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Marín, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37221.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS,, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS” (Expte.2026013717)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia



2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña I-Investmentos).
- Con data 27/02/2026, mediante rexistro WEB2026013029, o Concello de Pontearreas presentou en prazo e forma, a través da sede electrónica desta Deputación, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo á cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención, por importe de 191.719,60 euros, para o financiamento do investimento "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS" (expdte 2026013717). O orzamento total da actuación ascende 191.719,60 euros (IVE engadido) e contempla o custo de 185.484,82 euros para a obra, 4.987,82 euros para a asistencia técnica á dirección de obra, 1.246,96 euros para a asistencia técnica á coordinación de seguridade e saúde.
- En datas posteriores, o concello completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de cooperación de data 20/04/2026, do xefe do servizo de Cooperación, de data 23/04/2026, que conclúen favorablemente a concesión da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de PONTEAREAS, CIF: P3604200J, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 191.719,60 euros, para o financiamento do investimento denominado "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS" (expdte 2026013717).O orzamento total da actuación ascende 191.719,60 euros (IVE engadido) e contempla o custo de 185.484,82 euros para a obra, 4.987,82 euros para a asistencia técnica á dirección de obra, 1.246,96 euros para a asistencia técnica á coordinación de seguridade e saúde.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte á obriga. Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue xunto coa primeira xustificación da axuda económica, as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Deputación de Pontevedra e a documentación que acredite a presentación da declaración responsable ante a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Deberá achegar, así mesmo, a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 do 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Segundo a base 36ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado correspondente á anualidade 2026 deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Notificar o presente acordo ao concello de Pontearreas e darlle traslado á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia para os efectos oportunos.

9.37222.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS – III PEID DO INVESTIMENTO “REFORMA E INSTALACIÓN DE TRES PISTAS DE PÁDEL NA MONTESIÑA” (Expte. 2026021212)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1- Investimentos).

En data 18/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026021345), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de SOUTOMAIOR na que, acolléndose ao disposto na base 25ª do plan, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 141.358,00 euros, con destino ao financiamento da aportación municipal ao III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (III PEID) do investimento “REFORMA E INSTALACIÓN DE TRES PISTAS DE PÁDEL NA MONTESIÑA”, cun



orçamento por importe de 264.046,05 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO € | SUBVENCIÓN € | III PEID | FONDOS PROPIOS € |
|------------|--------------|--------------|--------------|------------------|
| 2026 | 264.046,05 € | 141.358,00 € | 122.688,05 € | 0,00 € |

Toda a documentación técnica e administrativa relativa á actuación de referencia se atopa debidamente integrada no expediente 2025082697.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que para a realización do presente investimento non é preciso contar con ningunhas autorizacións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación; precisando que a subvención que se conceda rexerese polas normas do plan que se está a co-financiar, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo conforme ao establecido na base 25ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e



da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.

- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan +Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados noutros plans, programas ou convenios da Deputación, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do plan que se está a co-financiar, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026 e 2027, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 21/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de SOUTOMAIOR (P3605300G), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 141.358,00 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao III PEID do investimento "REFORMA E INSTALACIÓN DE TRES PISTAS DE PÁDEL NA MONTESIÑA" (exp.2026021212), cuxo orzamento ascende a 264.046,05 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS | FONDOS PROPIOS CONCELLO |
|------------|-------------|-------------|---------------------------------|-------------------------|
| 2026 | 264.046,05€ | 141.358,00€ | 122.688,05€ | 0,00€ |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se cofinancia, Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas – III PEID aprobado por acordo plenario núm. 5.8494 de 30/09/2025 (BOPPO nº 189 do 03/10/2025).
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de SOUTOMAIOR, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.37223.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE RIBADELOURO. TUI” (Expte. 2026000439)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Tui o importe que lle corresponde é de 184.750,42 €.
- En data 02/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000248) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 184.750,41€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Sustitución de césped artificial en campo de fútbol municipal de Ribadelouro”, cun orzamento polo mesmo importe.



- A presente subvención queda condicionada a aportación da acreditación da titularidade, xa que motivan a necesidade por as datas da celebración da xunta xeral da CMVMC o vindeiro 28 de xuño de 2026, onde se levará como punto da orde do día, a ampliación da actual cesión de terreos do campo de fútbol, por unha duración de 44 anos, ademais do dereito de superficie constituído en escritura pública ante o Notario D. Jesús María Rodríguez o 6 de setembro de 2007, por un prazo de 25 anos. A día de hoxe restan 6 anos e 3 meses de duración para que finalice o dereito e superficie. A suma do antedito é de 50 anos requisito imprescindible e establecido na base 17ª. Por todo o exposto, a titularidade será presentada xunto coa primeira xustificación que se aporte.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 24/03/2026.
- Así mesmo, o 26/05/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 27/05/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE



- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Tui relativa ao financiamento do investimento denominado “Sustitución de césped artificial en campo de fútbol municipal de Ribadelouro” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 184.750,41 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- **CONCEDER** ao Concello de Tui, CIF P3605500B a cantidade de 184.750,41 € con destino ao financiamento do investimento “Sustitución de césped artificial en campo de fútbol municipal de Ribadelouro” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento do mesmo importe. A concesión da subvención debe condicionarse á acreditación da cesión ó Concello de Tui da parcela onde se sitúa o campo de fútbol por un prazo mínimo de 50 anos, tal como establece a base 17ª das reguladoras da convocatoria, sendo imprescindible que achegue a devandita documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do III PEID (BOPPO núm. 189, de 03/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- **AUTORIZAR E COMPROMETER** o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- **DAR TRASLADO** do presente acordo ao Concello de Tui, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



11.37224.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO *CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA*, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DE EDIFICIO PARA DEPENDENCIAS OFICIAIS” (Expte.2026008609)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 18/02/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026010308), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de VILANOVA DE AROUSA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 93.260,56 euros, con destino ao financiamento “ADQUISICIÓN DE EDIFICIO PARA DEPENDENCIAS OFICIAIS”, cun orzamento por importe de 93.260,56 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO € | SUBVENCIÓN € | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS € | FONDOS PROPIOS € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2026 | 93.260,56 € | 93.260,56 € | 0,00 € | 0,00 € |

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/04/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 23/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/05/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de VILANOVA DE AROUSA (P3606100J), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 93.260,56 euros, co obxecto do financiamento do investimento "ADQUISICIÓN DE EDIFICIO PARA DEPENDENCIAS OFICIAIS" (exp.2026008609), cuxo orzamento ascende a 93.260,56 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS | FONDOS PROPIOS CONCELLO |
|------------|------------|------------|---------------------------------|-------------------------|
| 2026 | 93.260,56€ | 93.260,56€ | 0,00€ | 0,00€ |



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de VILANOVA DE AROUSA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.37225.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E CON EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA A ADQUISICIÓN DA COLECCIÓN VALLE-INCLÁN PARA O MUSEO DE PONTEVEDRA. (Expte. 2025070470)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de maio de 2026, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e sen concorrencia, para a adquisición por compravenda da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra, cos seguintes lotes:

| Lote | Denominación |
|------|--|
| 1 | Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina |
| 2 | Actúa en representación de D. Yago Baltasar del Valle-Inclán Redondo e Dna. Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo, Dna. María Milagros Redondo Díaz ós efectos de realizar a venda dos bens. |
| 3 | D. Javier María del Valle-Inclán Alsina |

Resultando que con data 14 de maio de 2026, se convidou os provedores únicos da colección obxecto deste contrato, a presentar as ofertas pertinentes a cada lote, dando un prazo de 10 días naturais contados dende a data do envío da invitación.

Resultando que a través dos rexistros nº WEB2026043486 e nº WEB2026043605, do 19 de maio de 2026, e o rexistro nº WEB2026043834 do 20 de maio de 2026, presentaron as ofertas correspondentes a cada lote.



Resultando que se procedeu á apertura das proposicións, sendo os prezos ofertados os seguintes:

| LOTE | IMPORTE OFERTADO |
|---|---------------------|
| Lote 1 de D. Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina | 84.983,00€ |
| Lote 2 Actúa en representación de D. Yago Baltasar del Valle-Inclán Redondo e Dna. Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo, Dna. María Milagros Redondo Díaz ós efectos de realizar a venda dos bens. | 70.084,00€ |
| Lote 3 de D. Javier María del Valle-Inclán Alsina | 134.633,00€ |
| Total ofertado | 289.700,00 € |

Unha vez examinadas e admitida a ofertas presentadas, procedeuse á súa valoración conforme ao criterio único (prezo) de adxudicación previsto nos pregos, co seguinte resultado:

Lote 1

| Empresa | Oferta | Puntuación | Clasificación |
|--|------------|------------|---------------|
| Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina (35249083L) | 84.983,00€ | 0 | 1ª |

Lote 2

| Empresa | Oferta | Puntuación | Clasificación |
|--|------------|------------|---------------|
| Yago Baltasar del Valle-Inclán Redondo (54130891T) e Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo (54130892R) | 70.084,00€ | 0 | 1ª |

Lote 3

| Empresa | Oferta | Puntuación | Clasificación |
|--|-------------|------------|---------------|
| Javier María del Valle-Inclán Alsina (35282511M) | 134.633,00€ | 0 | 1ª |

Resultando que, con data 22 de maio de 2026, o persoal técnico do servizo de Contratación comprobou, a través do sistema de intermediación de datos, os licitadores propostos para a adxudicación, se atopan ao corrente de pagos coa AEAT e coa SS.

Considerando os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos licitadores, debendo publicarse no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar por lotes o contrato da adquisición por compravenda da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra, conforme ao seguinte:

- Lote nº1, a favor de Miguel María Lorenzo del Valle-Inclán Alsina, con DNI; 35249083L, polos prezos e valores ofertados, conforme o seguinte:

| | |
|-----------------|-------------|
| Prezo ofertado* | 84.983,00 € |
|-----------------|-------------|

- Lote nº2, a favor de Yago Baltasar del Valle-Inclán Redondo con DNI; 54130891T e Lucía Mercedes del Valle-Inclán Redondo con DNI; 54130892R, polos prezos e valores ofertados, conforme o seguinte:

| | |
|-----------------|-------------|
| Prezo ofertado* | 70.084,00 € |
|-----------------|-------------|

- Lote nº3, a favor de Javier María del Valle-Inclán Alsina con DNI; 35249083L, polos prezos e valores ofertados, conforme o seguinte:

| | |
|-----------------|--------------|
| Prezo ofertado* | 134.633,00 € |
|-----------------|--------------|

*O custo da adquisición non está suxeito o IVE o ser persoas físicas as vendedoras.

Prazo de execución

O prazo de execución do contrato será de 1 mes, contado desde a formalización do contrato.



Tempo e lugar de entrega:

A entrega dos bens deberá realizarse no prazo de un mes, contado desde a formalización do contrato. A Deputación de Pontevedra, a través do Museo, encargárase de recoller toda a colección e trasladada as súas dependencias. Os gastos de traslado serán asumidos pola Deputación de Pontevedra. Deberá asinarse entre as partes a correspondente acta de entrega e recepción da subministración obxecto do presente contrato.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o financiárense con cargo á aplicación orzamentaria 26/333.3330.68902.2025 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

O pagamento realizarase contra a presentación da factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada polo responsable do contrato designado pola Deputación de Pontevedra.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

| | | | | | |
|-----------------|----------------------------|----------------------|---------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) | | Núm. de exp.: | 2025070470 | |
| Órgano xestor: | LA0006116 | Unidade tramitadora: | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Cruz Farto Justo, Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra.

2. As persoas adxudicatarias deberán formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás persoas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás persoas seleccionadas para que formalicen o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

13.37226.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA PROVINCIA ACTIVA 2026-2029. (Expte. 2025081416)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa PROVINCIA ACTIVA 2026-2029.*”

Resultando que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación que foi enviado ao Diario Oficial da Unión Europea con data 27 de marzo de 2026, sendo publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 29 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de abril de 2026, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, sedo admitidas as seguintes:

- Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599)
- Estudios Rafer SL (CIF B27239136)
- Os ventos Innovación en Servizos SL (CIF B70493275)
- Xestión Cultural Aurea SL (CIF B36394203)



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Resultando que unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación na sesión do día 7 de maio de 2025 procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propon ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599) polos prezos e valores ofertados.

Resultando que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 7 de maio de 2026, comproba que a empresa Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599), proposta como adxudicataria, atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (Rolece). Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a non concorrencia de prohibicións de contratar. Así mesmo compróbase que se atopa ao corrente das súas obrigas coa seguridade social.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2026003649, de 8 de maio de 2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require á empresa Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando que a empresa Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599) presentou a documentación requirida a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2026044891 de data 25 de maio de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 10.988,48 € (carta de pago núm. operación 12026000107142, do 25/05/2026).

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato para a prestación do *servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "PROVINCIA ACTIVA 2026-2029"* á empresa Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599) polos seguintes prezos e condicións ofertadas:

1.- Prezo ofertado por obradoiro:

| | |
|--------------------------------|-----------------------------|
| <i>Importe sen o IVE:</i> | <i>1.339,22 €/obradoiro</i> |
| <i>IVE (21 %):</i> | <i>281,24 €/obradoiro</i> |
| <i>Importe total ofertado:</i> | <i>1.620,46 €/obradoiro</i> |

2.- Compromiso de impartir un taller por cada obradoiro sobre benestar emocional, dinámica de autocoidado, ferramentas de xestión emocional e interacción a través das emocións de 2 horas e media de duración.

SI

NON

3.- Compromiso de entregar a cada persoa participante dunha fotografía impresa en tamaño 10x15 en papel fotográfico e marco de cartón:

SI

NON

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

SI

NON



5.- *Compromiso de entrega dun agasallo serigrafiado para cada persoa participante o día da clausura:*

| | |
|---|-------------------------------------|
| <i>Entrega dun agasallo valorado en menos de 2,00 €</i> | <input type="checkbox"/> |
| <i>Entrega dun agasallo valorado en máis de 2,00 € e ata 4,00 €</i> | <input type="checkbox"/> |
| <i>Entrega dun agasallo valorado en máis de 4,00 € e ata 6,00 €</i> | <input type="checkbox"/> |
| <i>Entrega dun agasallo valorado en máis de 6,00 €</i> | <input checked="" type="checkbox"/> |

Financiación:

O contrato será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polos usuarios participantes:

- A persoa participante das accións formativas aboará a cantidade fixa de 7,00 euros por obradoiro.
- A Deputación de Pontevedra achegará a cantidade resultante de descontar do prezo final ofertado por obradoiro o importe pagado polas persoas beneficiarias participantes no obradoiro (7,00 euros/persoa).

As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2026 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.227.07. do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento:

Fitos de facturación:

O pago do prezo do contrato realizarase unha vez presentada a factura, preferiblemente nos 15 primeiros días do mes seguinte á finalización da actividade, salvo autorización expresa do Servizo de Benestar Social, acompañada da documentación exixida no PPT.

Antes da presentación da factura a empresa deberá poñer a disposición do Servizo de Benestar social na ferramenta web habilitada para compartir arquivos a documentación que se especifica na cláusula 3.3 do PPT.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que *acrediten* a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de *expediente* que se relacionan a continuación:

| | | | | | |
|-----------------|----------------------------|----------------------|---------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) | | Núm. de exp.: | 2025081416 | |
| Órgano xestor: | LA0008004 | Unidade tramitadora: | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa do Servizo de Benestar social

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

14.37227.- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN DO PALACETE DAS MENDOZA (SEDE TURISMO RÍAS BAIXAS)". (Expte. 2024039103)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 17 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas), cun orzamento base de licitación de 373.973,91 €.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de abril de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21 de maio de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)".

Resultando.- Que a acta da Mesa de Contratación, recolle o seguinte: *"...a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, que declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)", por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato durante o prazo concedido ao efecto..."*.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título II do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, recolle o seguinte *"... non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego..."*.

Considerando.- Que a sensu contrario cabería concluír que cando non exista ningunha oferta ou proposición admisible de acordo cos criterios que figuren no prego, a licitación poderá declararse deserta.

Considerando.- Que o artigo 63.e) parágrafo segundo establece que serán obxecto de publicación no perfil do contratante, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, o desistimento do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)".
2. Arquivar o expediente correspondente a este procedemento que se declara deserto e incoar no seu caso un novo expediente.



15.37228.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DO FIRME NA E.P. 7001 A ESTRADA-FORCAREI, DENDE O P.Q. 0+300 AO P.Q. 12+200. CONCELLO DE A ESTRADA". (Expte.2025071786)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 7001 A ESTRADA-FORCAREI que percorre os termos municipais de A Estrada e Forcarei pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 21.509 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do firme, no treito comprendido entre os p.q. 0+300 ao p.q. 12+200, sendo este, dun total de 11.900 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de A Estrada, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Cesar Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o proxecto "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada" cun orzamento base de licitación de 1.003.736,13€ IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: CRXOHNYPC0M4I6YG.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada".

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000011338 por importe de 1.003.736,13 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de decembro de 2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada", redactado por Cesar Paredes Rodríguez, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o cun orzamento base de licitación de 1.003.736,13 € IVE engadido. A este proxecto asínóuselle o código CSV: CRXOHNYPC0M4I6YG.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 12/02/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcaei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada"



As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- ORESA ASFALTOS, S.A.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, elaborou un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| LICITADORES | MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO | PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES | PUNTUACION SOBRE "A" |
|---|-------------------------------|--------------------------------------|----------------------|
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U | 20,00 | 3,00 | 23,00 |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 18,00 | 3,00 | 21,00 |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 20,00 | 2,00 | 22,00 |
| HORDESCON, S.L. | 10,00 | 2,00 | 12,00 |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 18,00 | 1,00 | 19,00 |
| NAROM, S.L. | 16,00 | 3,00 | 19,00 |
| NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. | 12,00 | 1,00 | 13,00 |
| ORESAS ASFALTOS, S.A. | 14,00 | 2,00 | 16,00 |



Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada".

Resultando.- Que a oferta presentada pola empresa HORDESCON, S.L., non acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas de conformidade co establecido nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/03/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES | SOBRE B | | | | |
|---|------------------|------------------|-------------------|-----------------|------------------|
| | OFERTA ECONÓMICA | CONTROL CALIDADE | PRAZO DE GARANTÍA | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 704.855,03 € | 3,00% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 732.976,23 € | 3,00% | 36 MESES | SI | SI |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 729.661,16 € | 3,00% | 36 MESES | SI | SI |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 738.617,07 € | 3,00% | 36 MESES | SI | SI |
| NAROM, S.L. | 763.668,99 € | 3,00% | 36 MESES | SI | SI |
| NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. | 761.263,34 € | 3,00% | 36 MESES | SI | NO |
| ORESA ASFALTOS, S.A. | 823.395,44 € | 3,00% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 704.855,03 € | 3,00% | 36 MESES | SI | SI |



Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que a empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación, (REX_WEB2026030139), xustificación da súa oferta, dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Resultando.- Que constan no expediente con CSV: P40A252S22UKTL0J, informe do Director do Servizo de Infraestruturas, en relación á xustificación da baixa temeraria enviada pola empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L., recollendo no mesmo que non xustifica suficientemente a oferta económica con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) presentada, e non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/05/2026, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| LICITADORES | SOBRE "B" | | | | PUNTUACION SOBRE "B" |
|--|-------------------------|----------------------|---------------------|-------------------------|-------------------------|
| | VALORACION ECONOMICA | PRAZO DE GARANTIA | CONTROL CALIDADE | UN-EN ISO 9001/14001 | |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 37,60 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 52,60 |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 38,82 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 53,82 |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 35,52 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 50,52 |



| LICITADORES | SOBRE "B" | | | | PUNTUACION SOBRE "B" |
|--------------------------|-------------------------|----------------------|---------------------|-------------------------|-------------------------|
| | VALORACION ECONOMICA | PRAZO DE GARANTIA | CONTROL CALIDADE | UN-EN ISO 9001/14001 | |
| NAROM, S.L. | 26,14 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 41,14 |
| NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. | 27,10 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 42,10 |
| ORESA ASFALTOS, S.A. | 2,44 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 17,44 |

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na mesma reunión acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada- Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada" que queda da seguinte forma:

| Posición | Licitadores | Puntuación Sobre "A" | Puntuación Sobre "B" | Puntuación Total |
|----------|---|-------------------------|-------------------------|---------------------|
| 1 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. | 22,00 | 53,82 | 75,82 |
| 2 | CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 21,00 | 52,60 | 73,60 |
| 3 | MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 19,00 | 50,52 | 69,52 |
| 4 | NAROM, S.L. | 19,00 | 41,14 | 60,14 |
| 5 | NEMESIO ORDOÑEZ, S.A. | 13,00 | 42,10 | 55,10 |
| 6 | ORESA ASFALTOS, S.A. | 16,00 | 17,44 | 33,44 |

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada- Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada" á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., (B15009533) de acordo co seguinte detalle), por un importe de 882.890,00 € IVE engadido.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., (B15009533), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 65) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 36.483,06 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 27/05/2026 con número de operación 12026000109675.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: "...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...".

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. o Lote 1 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona norte)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada", por un importe estimado de 3.847,04 €.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) HR3BZVRFXX3US9WA, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025071786, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000011531.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa HORDESCON S.L., ao non acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas de conformidade co establecido nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
2. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
3. Adxudicar á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., (B15009533) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada"), de acordo co seguinte detalle:

| | |
|------------------------|--------------|
| Importe ofertado | 729.661,16 € |
| IVE (21%) | 153.228,84 € |
| Importe Total..... | 882.890,00 € |

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.



O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025071786.

4. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.
5. Adxudicar á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685), o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada"(Expte 2025075973) , por un importe de 3.847,04 € e de acordo co seguinte detalle:

| | |
|------------------------|------------|
| Importe ofertado | 3.179,37 € |
| IVE (21%) | 667,67 € |
| Importe Total..... | 3.847,04 € |

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025075973.

16.37229.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE LICENZAS E SERVIZOS ASOCIADOS A PRODUTOS DE MICROSOFT PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2026017712)

Vista a providencia de inicio do servizo de Novas Tecnoloxías, de 30 de marzo de 2026 (CSV: UHPQDZPKBT9638KH), complementada mediante informe de 12 de maio de 2026 (CSV: UDOLU88NA2TTX5AN), para a contratación da "*Subministración de licenzas Microsoft e servizos asociados a produtos de Microsoft para a Deputación de Pontevedra*". Xunto coa proposta, o servizo achega o correspondente prego de prescricións técnicas.

Resultando que, conforme indica o servizo xestor, actualmente a Deputación de Pontevedra, para poder exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón dunha ampla gama de produtos do fabricante Microsoft que son utilizados polos distintos usuarios e aplicacións desta administración. Estes produtos clasifícanse principalmente en paquetes ofimáticos, sistemas operativos, sistemas xestores de bases de datos, ferramentas de xestión de diverso tipo, sistemas de xestión de correo electrónico e ferramentas de comunicación corporativa para o persoal da Deputación. Estas ferramentas dispoñen dun longo historial de uso e hoxe en día atópanse totalmente integradas co traballo cotián levado a cabo polos usuarios da Deputación. Por outra banda, é importante ter en conta que algunhas destas ferramentas manteñen unha relación de dependencia con outros aplicativos internos usados por esta administración para as que se levaron a cabo desenvolvementos a medida que requiren o uso concreto dalgúns destes aplicativos.



Os produtos que pertencen a este fabricante requiren unha renovación periódica do seu licenciamiento. Esta renovación resulta imprescindible para poder facer uso destas ferramentas respectando as condicións comerciais establecidas polo fabricante e baixo o amparo dos servizos de soporte e mantemento ofrecidos polo mesmo.

Unha vez contemplados e valorados os diferentes factores como son os custos dos produtos a longo prazo, a interoperabilidade entre as aplicacións, a integración das mesmas con produtos actuais usados na Deputación, a produtividade do persoal en función das ferramentas utilizadas, a eficiencia das propias ferramentas e o soporte dispoñible para cada produto, a Deputación de Pontevedra decántase por continuar utilizando as ferramentas deste fabricante para as suites ofimáticas e resto de produtos especificados no presente documento. Este fabricante dispón dunha solución completa, homoxénea e de alta calidade, cuxos beneficios a longo prazo xustifican o custo destas ferramentas.

O cambio de calquera destas ferramentas por outras, cales sexa, de distinto fabricante e por tanto funcionalidade, levarían asociado un sobrecusto moi difícil de estimar relacionado coas distintas problemáticas derivadas da incompatibilidade entre ferramentas, a carencia de funcións específicas amplamente utilizadas e estendidas, a formación ao persoal nas novas ferramentas, a implantación destas e a súa adecuación e integración con outros aplicativos internos que actualmente se atopan en uso.

Resultando que, con data 14 de abril de 2026, a Intervención emite dilixencia facendo constar que nas aplicacións do vixente orzamento provincial indicadas a continuación existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto da anualidade 2026, agás na 26/926.9260.227.06 na que non existe crédito suficiente, non obstante si existe na súa vinculación xurídica, a cuxo efecto se emitiron os documentos RC seguintes:

| Lotes | RC | Aplicación orzamentaria | IMPORTE (IVE engadido) |
|--------|----------------|-------------------------|---------------------------|
| Lote 1 | 12026000067832 | 26/926.9260.641.00.2025 | 160.913,35€ |
| | 12026000067840 | 26/926.9260.641.00 | 284.632,85€ |
| | 12026000066984 | 26/926.9260.206.00 | 289.875,49€ |
| Lote 2 | 12026000067015 | 26/926.9260.227.06 | 51.088,16€ |
| Suma | | | 786.509,85 € |



Asemade, indica que no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para os exercicios 2027 e 2028 mediante os documentos RCFUT seguintes:

| Lotes | Anualidade | RCFUT | Aplicación orzamentaria | IMPORTE (IVE engadido) |
|--------|------------|----------------|-------------------------|------------------------|
| Lote 1 | 2027 | 12026000066985 | 27/926.9260.206.00 | 289.875,49€ |
| | 2028 | 12026000066986 | 28/926.9260.206.00 | 289.875,49€ |
| | | | Suma | 579.750,98 € |

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e da memoria xustificativa, e con data 13 de maio de 2026, solicita informe á Secretaría Xeral e á Intervención.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 21 de maio de 2026, informa favorablemente o expediente.

Resultando que a Intervención, con data 27 de maio de 2026, emite informe favorable.

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: AU8ZRQV27YXL5J82), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto con dous lotes con prestacións diferenciadas: de subministración (lote 1) e de servizo (lote 2), e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, por ser o procedemento ordinario conforme ao artigo 131.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

Considerando o artigo 16 da LCSP, que tipifica como contratos de subministración os que teñan por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos e bens mobles.

Considerando o artigo 17 da LCSP, que tipifica como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións e servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da "*Subministración de licenzas Microsoft e servizos asociados a produtos de Microsoft para a Deputación de Pontevedra*", cos seguintes lotes:
 - Lote 1 Subministración de licenzas Microsoft.
 - Lote 2 Servizo de migración do sistema de correo electrónico Microsoft Exchange a Office 365 no Cloud de Microsoft Azure.

O prazo de duración para o lote 1 será de tres anos, contado desde a data de formalización do contrato.

O prazo de execución para o lote 2 será de tres meses, contado desde a data de formalización do contrato.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, engadido o IVE) para os dous lotes ascende á cantidade de 1.366.260,83 euros.

O valor estimado para os dous lotes é de 1.129.141,18 euros.

2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: SJUTEDEVB7IFXCQ) e de prescricións técnicas (CSV: U9I16WURIN5XZKCQ) que rexerán dita contratación.



3. Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.366.260,83 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Lote 1: Subministración de licenzas Microsoft.

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|------------|-------------------------|------------------------|
| 2026 | 26/926.9260.641.00.2025 | 160.913,35 € |
| 2026 | 26/926.9260. 641.00 | 284.632,85 € |
| 2026 | 26/926.9260. 206.00 | 289.875,49 € |
| 2027 | 27/926.9260. 206.00 | 289.875,49 € |
| 2028 | 28/926.9260. 206.00 | 289.875,49 € |

Lote 2: Servizo de migración do sistema de correo electrónico Microsoft Exchange a Office 365 no Cloud de Microsoft Azure.

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|------------|-------------------------|------------------------|
| 2026 | 26/926.9260. 227.06 | 51.088,16 € |

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2027 e 2028 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

4. Nomear responsable do contrato a Marta Parada Lorenzo, xefa do servizo de novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.
5. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

17.37230.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, REFORZO DO FIRME E EXECUCIÓN DE CUNETAS NA E.P. 5001 A FRANQUEIRA-CEBREIRO. CONCELLO DE A CANIZA". (Expte. 2025071503)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade. O artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario.



Resultando.- Que a rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia. No desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 5001 A FRANQUEIRA-CEBREIRO que percorre o termo municipal de A Caniza pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 2.710 metros. Logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder ao reforzo do firme e a execución de cunetas entre os p.q. 0+000 ao p.q. 2+710, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra "Mellora da seguridade viaria, reforzo do firme e execución de cunetas na E.P. 5001 A Franqueira-Cebreiro. Concello de A Caniza", cun orzamento base de licitación de o proxecto de 270.076,15 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 1IHFGB0A1MT0YMFR.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da seguridade viaria, reforzo do firme e execución de cunetas na E.P. 5001 A Franqueira-Cebreiro. Concello de A Caniza."

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000011130 por importe de 270.076,15 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril de 2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da seguridade viaria, reforzo do firme e execución de cunetas na E.P. 5001 A Franqueira-Cebreiro. (Concello de A Caniza)", redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provincia, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 270.076,15 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 1IHFGB0A1MT0YMFR.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: SWSSLNPDF0TFECN2 informe xurídico favorable.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: ELCNCVAPMZ4FTDF6 informe de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: *"...Na cláusula 9.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente..."*.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: "A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante".

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que "Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante."



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria, reforzo do firme e execución de cunetas na E.P. 5001 A Franqueira-Cebreiro. Concello de A Caniza”* cun orzamento base de licitación de 270.076,15 € IVE engadido de acordo co seguinte detalle:

| | |
|--------------------|--------------|
| Importe | 223.203,43 € |
| IVE (21%) | 46.872,72 € |
| Importe Total..... | 270.076,15 € |
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 9CMQVK36VM7YIQTA, e de prescricións técnicas con código (CSV) IIFHGB0A1MT0YMFR, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 270.076,15 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.



4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

18.37231.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL EN DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA BASEADO NO LOTE 1 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. (Expte.2025019841)

Na sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato baseado para a subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra á empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF: A-61.797.536), adxudicataria do lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP, de acordo co detalle reflexado no citado acordo.

Con data 08 de xullo do 2025 realizouse a notificación da resolución de adxudicación, accedendo o contratista ao seu contido con data 09 de xullo de 2025, sendo o prazo de duración do contrato dun ano, a contar unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a notificación da adxudicación, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Con data 14 de maio de 2026, o responsable do contrato emite informe co CSV FLC09AZDM8SYATAU no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 01 de agosto de 2026 ata o 31 de xullo de 2027.

Resultando que o apartado 21.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas que rexe o acordo marco, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que "*Para que o Órgano de Contratación poida exercer a prerrogativa que lle outorga o art. 29.2 da LCSP e que a prórroga resulte de obrigado cumprimento pola adxudicataria, deberá realizar un preaviso con polo menos dous (2) meses de antelación á finalización do contrato*".

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 28 de abril de 2026 (data de comparecencia: 29/04/2026), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 25 de maio do 2026, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 27 de maio do 2026 (CSV: VRCP5LRHGLIYGR5L), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra baseado no Lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP por unha anualidade, desde o 01 de agosto de 2026 ata o 31 de xullo de 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de agosto do 2026.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato de subministración de gas natural en distintos centros da Deputación de Pontevedra baseado no Lote 1 do Acordo Marco para a subministración de gas natural da Central de Contratación da FEMP suscrito coa empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. (CIF: A61797536), durante o período do 01 de agosto de 2026 ata o 31 de xullo de 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato baseado e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

| Anualidade | Centro xestor | Aplicación orzamentaria | Importe total (IVE engadido) |
|-------------------------|---------------------------------------|-------------------------|------------------------------|
| 2026 (01/08 a 31/12) | Patrimonio Documental e Bibliográfico | 332.3322.221.02 | 2.167,92 € |
| | Centro Príncipe Felipe | 232.2312.221.02 | 35.102,10 € |
| | ORAL | 932.9320.221.02 | 4.537,50 € |
| | Museo de Pontevedra | 333.3330.221.02 | 81.675,00 € |
| 2027 (01/01 a 31/07) | Patrimonio Documental e Bibliográfico | 332.3322.221.02 | 3.035,08 € |
| | Centro Príncipe Felipe | 232.2312.221.02 | 49.142,94 € |
| | ORAL | 932.9320.221.02 | 6.352,50 € |
| | Museo de Pontevedra | 333.3330.221.02 | 114.345,00 € |

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

19.37232.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L., PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS AUXILIARES E DE ACONDICIONAMENTO DOS CENTROS DE PROCESO DE DATOS (CPDP E CPDR) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2025003388)

Na sesión ordinaria do día 04 de xullo de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de "*Servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra*" á empresa ELECTRÓNICA NOROESTE S.G. S.L. (B15123177), polo prezo e as condicións ofertadas conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo, de data 04 de agosto de 2025, sendo o prazo de duración dun ano desde a data de formalización do contrato, con posibilidade dunha prórroga dun ano de duración.

Con data 14 de maio de 2026, a responsable do contrato emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 05 de agosto do 2026 ata o 04 de agosto do 2027.



Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 07 de maio de 2026 (data de comparecencia: 13/05/2026), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 21 de maio do 2026, a Intervención emitiu informe, con CSV: WKAZE62T5FW9ZJOH, sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 25 de maio do 2026 (CSV: CSKW641G7HKBLSLJ), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacádemete, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de servizo de soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra por un ano, desde o 05 de agosto do 2026 ata o 04 de agosto do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 04 de agosto do 2026.”

Considerando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato para a prestación do servizo de “soporte e mantemento das infraestruturas auxiliares e de acondicionamento dos centros de proceso de datos (CPDP e CPDR) da Deputación de Pontevedra” suscrito coa empresa ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES SL (B15123177), durante o período desde o 05 de agosto do 2026 ata o 04 de agosto do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe (co IVE) |
|------------|-------------------------|------------------|
| 2026 | 26/926.9260.227.23 | 25.935,58 € |
| 2027 | 27/926.9260.227.23 | 37.597,89 € |

O importe do gasto correspondente á anualidade 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

20.37233.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, ORESA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36494185), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA RÚAS 2 E 3 NA URBANIZACIÓN SANTA EULALIA, NA CONTORNA DA POUSADA (CONCELLO DE RIBADUMIA)” (Expte. 2021037023) (Devogarán 2026001024).

Por acordo, número 19.31074, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 10 de decembro de 2021 (CSV.- QONOIW8OJZXGG0EG), acordouse, entre outros asuntos, a “Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)” (Núm. Exp. 2021037023).

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *ORES A, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS SOCIALES, S.L. (B-36494185)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

| EMPRESA | IMPORTE | CARTA PAGO | DATA |
|--|------------|--------------|------------|
| ORES A, CONSTRUCCIÓN Y SERV. GLOBALES, S.L. (B-36.494.185) | 10.741,95€ | 202100215181 | 17/11/2021 |



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Arquitecto responsable da obra, D. Carlos Luis Rosón Gasalla (CSV.- GNRJA90VIVHFIVIM), no cal sinala que "(...) *Que trala visita ás obras de referencia, estas se atopan en bo estado sen observarse defectos ou deficiencias que puidesen ser atribuíbles ao contratista, polo que procede a cancelación da garantía ao adxudicatario da execución das obras (...)*".

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- VSO3E6P5AAYEBMVO), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ORESA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato que regulou a obra de "*Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)*" (Núm. Expte. 2021037023), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil ORESA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36494185), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

